



TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA







TRABATEL
REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA

N.º 9 | NOVEMBRE 2018

© dos textos: os autores

© da edición: Conseyeiría d'Educación y Cultura

EDITA: Goberno de Principao d'Asturias
Conseyeiría d'Educación y Cultura

PROMOVE: Conseyeiría d'Educación y Cultura

COORDINA: Xosé Miguel Suárez Fernández

FOTOGRAFÍAS: Verónica Peláez Baniela.

Fundóu nel 2017 el estudio Vera Icon Fotografía nel Espín (Cuaña), fendo realidá el sou soño dende qu' estudióu Fotografía na Escola d'Arte d'Uviéu. Verónica Peláez Baniela adora el sou trabayo y a capacidá das súas imaxes pra cuntar historias y crear recordos.

DISEÑO ORIXINAL: Mercedes Piñera

MAQUETACIÓN: Carruébano Diseño

Depósito de Llei: As-4.144-2008

IMPRESIÓN: Gráficas Ápel


EXEMPLAR DE BALDRE

Sumario

- 7 Presentación
- 9 *Pedrasapañadas*. **Cristóbal Rutiña** [NARRACIÓN]
- 15 *Cuatro poemas y un relato*. **Conchita Álvarez Lebreo** [POESÍA/NARRACIÓN]
- 21 *Poemas*. **Alejandro Fernández García, Jandro de Queitano** [POESÍA]
- 23 *Los zapatos de Marco*. **Ángeles Rodríguez Montañés** [NARRACIÓN]
- 25 *Por San Miguel*. **Javier Fernández-Catuxo** [NARRACIÓN]
- 31 *Auguas*. **Babel de Cal Cadete** [POESÍA]
- 35 *A pantoasma das Penas de Vilar*. **Laura Amor Fernández** [NARRACIÓN]
- 39 *Xa nun es nada*. **Christian Lanza** [NARRACIÓN]
- 43 *El camín á casa*. **Dashiell Hammett** [TRADUCCIÓN]
- 47 *Terrificar Marte*. **Fredo de Carbexé** [ENSAYO]

[RESEÑAS]

- 49 *Úa recopilación de literatura oral pra disfrutar*, **Adriana Martínez Suárez**
[d'*Había úa vez... 101 contos del conceyo del Franco*, de Martín de Villar]
- 51 *Volta al orixe*, **Marisa López Diz**
[d'*Algún son... tres*, de Belén Rico Prieto]
- 53 *Dúas llinguas vivas, decioito historias de vida*, **Lorenzo Méndez Avello**
[de *Cúntame un conto*, de VV. AA.]
- 57 *Irene volve con máis aventuras*, **Emma Méndez**
[d'*Operación llóntriga*, d'Aurora Bermúdez Nava]
- 59 *Un reno nos montes naviegos*, **Alberto Castro Gión**
[de Roger, *el reno que chegóu de llonxe*, d'Ángeles Rodríguez Montañés]






GENARO ALONSO MEGIDO
Conseyeiro d'Educación y Cultura

A traza engurriada da paraza dos árboles ou el augua quieta del río que Verónica Peláez Baniela capta nas fotos qu'ilustran esta entrega nova de *Trabatel* son tan suxerentes como as palabras qu'enchen as renguileiras da revista. El poder evocador da lliteratura medra y multiplícase al tar envolto cuas imaxes da terra unde vive a llingua na que s'escribe. Por eso a publicación, un número tres d'outro, bota mao da fotografía pra ilustrar os textos. Porque a lliteratura en gallego-asturiano ta ben enreizada, como nun podía ser d'outro xeito, nel paisaxe que la víu nacer.

Trabatel sigue firme na súa vocación de dar voz á xente qu'empeza a escribir. Ben deitamos de que sempre encontre voces novas pra dallas a conocer, pro, a un tempo, sabe acompañallas das firmas máis veteranas del panorama lliterario eonaviego. Da mao da revista imos conociendo a evolución d'autores y autoras, sabendo dos sous avances, das vías estilísticas qu'exploran agora y tamén das novidades editoriales que van parecendo.

Pro el último obxectivo de *Trabatel* ten que ser zarrar el círculo, fer qu'as creacióis, sían en verso ou en prosa, cheguen al público llector. É entoncias condo el proceso lliterario cuaya: condo a xente lle y goza, condo s'emociona y vive mundos creaos pola imaxinación d'outros. Y esa emoción é dobre condo lo fai núa llingua que ten poucas oportunidades de ller. D'ei el esforzo que femos sempre pra qu'a revista chegue a todos os recantos del occidente, pra que tía nas escolas, nos institutos, nas bibliotecas. Pra que tía ei aguardando, cua súa portada chamadeira, a que daquén la coya na mao, la abra, pase as páxinas y saboríe as palabras. Ha a atopar as voces del occidente feitas lliteratura, voces qu'enriquecen a pluralidá llingüística d'Asturias y que forman parte irrenunciable del noso patrimonio cultural.

Por eso, nada pode enchernos de máis arguyo que brindar, un ano máis, un número novo de *Trabatel*. Tein nas maos úa búa mostra del que se ta creando agora na lliteratura en gallego-asturiano. Disfruten da llectura, porque merece a pena.





NUNCA PENSÓU A LLITERATURA EN GALLEGO-ASTURIANO TER ÚA NOVELA CON TANTAS VENTAS COMO *El Batallón Galicia* (IMPRONTA, 2015). DEBÉMOYO A CRISTÓBAL RUITIÑA (CANGAS, 1977), UN PERIODISTA DA RTPA QUE COMBINA EL SOU TRABALLO NEL ENTE PÚBLICO CUAS CLASES NA UNIVERSIDAD CARLOS III DE MADRID. ANQUE ENCAXA EL ACTIVIDAD PERIODÍSTICA CUA PUBLICACIÓN DE BEN LLIBROS SOBRE ESTE LLABOR PROFESIONAL, TAMÉN TEN VAGAR DE DEDICARSE Á LLITERATURA, PRÁ QU'USA A LINGUA DE SOUS PADRES. DENDE QUE NEL 2014 DEMOS A CONOCER EN *Trabatel* UN ADELANTO D'*El Batallón Galicia*, AL QUE SEGUÍU AL OUTRO ANO A EDICIÓN DA NOVELA, NAMÁIS PUBLICARA UN RELATO CURTIO, «DEVA», NEL VOLUME *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016). AS SÚAS OBRIGACIÓIS PATERNALES TÁN LLEVÁNDOLO ÚLTIMAMENTE Á LLITERATURA INFANTIL, XÉNERO NEL QUE NUN IMOS A TARDAR MUITO EN TER UN LLIBRO NOVO SALIDO DA SÚA PLUMA.

EN GRANDAS DESENVÓLVESE PARTE DA NOVELA *El Batallón Galicia* Y A GRANDAS VOLVE RUITIÑA CON ESTE RELATO QUE PRESENTA OS TEMPOS DUROS DA POSGUERRA.

I

Agora nun taba segura del todo de se era él ou nun era. Pro xa taba metida no forno e nun podía salir e qu'él soupera que seguía escondéndose alí. E, sobre todo, que soupera que nun se metía namáis cuando chegaban os guardias, que se deitaba por aí alantre tamén cuando asomaba él alí arriba, no pico da costa, cansado e rabiado despóis d'atravesar a pé e cargado como un burro a serra de Pedrasapañadas. A nena nun sabía cómo dera con ela aquel día, pro nun cría que yo dixera a madre. Ela ben sabía únde se metían os nenos cuando desaparecían, pro nunca yes dixera nada. E seguían escondéndose cuando asomaban os guardias e tamén cuando asomaba él despóis d'us días —a nena nun podía saber cuántos— trabayando no Salto de Salime. Igual é qu'él sabía qu'era el único sito da casa unde podían esconderse us nenos. Ou igual é que, cuando aquelas visitas nas qu'os nenos desaparecían, algúa vez yes vira algo de sinza na roupa ou no pelo. El caso é qu'a última vez que veran os guardias á casa fora buscala aí dentro. Primeiro preguntara por ela á madre, despóis berrara el sou nome dúas ou tres veces. Al cabo, botara a andar corredor alantre, espacio, facendo rinchar a madeira con sadismo, como se a quixera avisar d'algo: de que tía tempo pa escapar. Ou de todo el contrario: de que nun tía por únde escapar.

Inda agora a nena nun sabía qué buscara el padre con aquel rinchar forzado y escesivo. Aquel día nun houbera consecuencias. Nin al outro. Nin al outro. Inda. Pro ben sabía ela qu'era porque daquela paraba pouco na casa e tía que botar el tempo noutras cousas máis urxentes. Deseguida marchaba, Pedrasapañadas arriba, outra vez pal Salto de Salime. A nena nun sabía qué quixera aquel día con aquel rinchar forzado y escesivo porque nun tía claro qué pensaba él dos guardias. Atendíalos todo el ben que podía, si. Pro eso tamén el facía a madre y era a qu'avisaba a os nenos pa que marcharan esconderse. Aquela noite —inda desperta por medo a que fora unde ela— sentíralos leriar d'eso. El padre reñía á madre porque nun os atendera todo el ben que podía, que sacaba mala cara cuando os vía

parecer na cocía. A madre contestaba que xa podían tar ben agradecidos de que yes dera el miyor que tían pa comer e de que nun yes botara sinza na pota. El padre recordábaye que nun yes quedaba outra que tratalos ben, qu'eran os que mandaban porque eran os que ganaran. A madre replicábaye que tamén ganara él e que nun yes valira de nada. Tou vivo, ¿paréceche pouco? Mira cómo acabóu tou padre, rematara él.

A nena sabía que, despóis de comer, sou padre botaba a partida cos guardias. ¡Arrastro!, sentía berrar. ¡Arrastro! Sin duda, el que máis berraba era él. A os outros nun se yes ouguía nada. Nunca soupera quén ganaba. Nin tampouco parara a pensalo. Pro dende que sentira aquela conversación figurábaseye que debían ganar todos, pro qu'os guardias ganaban máis veces. Ou que ganaban miyor. El que nun chegaba a entender era por qué súa madre yes tía que puer boa cara por eso. Se, ademáis, ben sabía el padre que nun ye gustaba nada que pareceran pola casa. Se chegaban á hora da comida, había de daryes el pouco que tían pa comer aquel día. Se chegaban despóis, había de sacar chourizo e toucín. Nos dous casos tía que prepararyes café e traeryes pa que botaran as gotas. Ás veces, a nena sabía que sou padre levantábase e marchaba. Sentía el rozar da siya contra el chao e pasos na madera que s'iban apagando a pouco y a pouco. A nena nun sabía a únde iba pro, porque ye chegaba el mazar da porta al abrir y al zarrar, sabía qu'andaba hacía un sito fóra da casa. E tamén sabía que quedaban os guardias solos na cocía.

Parecíaye qu'eso pasaba cuando chegaban despóis da comida. Cuando chegaban antias, tían máis présa e, muitas veces, nin sequera botaban a partida. Comían, escuitaban a parolada del padre e marchaban. El padre nun era nada lerión cos da casa, pro con elos animábase. A nena nun podía saber de qué falaban. Pro algúa vez chegara a distinguir a voz d'algún dos guardias. Cuando ún d'elos soltaba úa frase corta, qu'escapaba como del fondo d'úa cova e que nunca sentía completa, a parolada del padre remataba. Y asina pasara el día que fora buscala.

Sale, dixéraye despóis de chantarse delante da boca del forno. Sale, repetira con impaciencia, inda qu'ela xa sacara as pernas e taba cuasamente fóra. Al salir del todo, descubríu qu'el padre levaba na mao úa vara d'abeyaneiro. Amostrábaya como se nun ya vira ben veces, como se todo fora novo nese momento. Como sempre que pasaba eso, ela quedara petrificada, recoyéndose como un cosco, núa actitú pasiva que, según ye parecía, era a única defensa. Pro el padre nun mazaba. Miraba pa ela e movía a cabeza. ¿Qué ye taba dicindo? ¿Por qué miraba úa vez y outra hacía a porta d'atrás? Entoncias deuye úa patada no cu, úa qu'a emburriaba hacía a porta aquela d'atrás. ¿Taba dicíndoye qu'escapara? ¿Pro sempre yes dicía qu'era pior, que cuando os coyera inda yes iba dar máis! Al cabo, botóu a correr e, por un momento, parecéyue que chegaba á porta, qu'iba poder abrila y escapar hacía a viña. Pro él chegóu antias, coyéula del xerséi e tiróula al chao. Tando alí, empezaron os golpes. Encoyida boca abaxo, recibía todo na espalda. Asina era sempre. Pro aquela vez el padre buscábaye os brazos, quitábayos p'atrás y a cara, insólitamente desprotexida, recibía tamén algún latigazo.

II

Cuando a muyer lo vira asomar no pico da costa pensara el primeiro na inevitable visita dos guardias. E, despóis, botara a andar hacía alí p'axudarye cua carga: lonas, torniyos, martelos..., todas esas cousas que coyía nel obra del Salto y a razón pola que se tía que botar por Pedrasapañadas. Pensara, tamén, nel que pasara a última vez na cocía y en cómo el amañara él. Precatárase xa daquela de que nun era a primeira vez qu'el facía. Houbera outra vez asomeñada, cuando, tando él no Salto, fora ela pasar us días a Grandas e pararan os dous na casa d'un conocido de cuando a guerra. Ben sabía ela qu'a él nun ye gustara nada aquel viaxe, que quería ben máis que quedara na casa atendendo os nenos y os gochos. Pro ela insistira en qu'había de comprar roupa y en que podía sacar algo de cuartos vendendo verdura, ovos ou

mel. Chegara ela despóis, cuando xa el sou home levaba úa semana na Paicega. E quedaran de verse en Grandas, por unde a igresia, pro él nun parecera y ela fora directa á casa que ye dixera. Tía tenda na parte d'abaxo y el home que buscaba taba atrás del mostrador. Á dereta, medio tapada por úas caxas, había úa muyer pequena, cosendo ou texendo, que nun miróu pa ela nin cuando empezóu a falar.

El home díxoye qu'había d'esperar a zarrar e xa entoncias yes iba indicar unde durmir. Ela foi outra vez pa fóra e tiróu hacía a igresia. D'esta vez entróu y inda nun s'avezara á pouca luz cuando empezóu a sentirse pequena e vixilada. Nunca tuvera núa igresia tan grande e, precatábase agora, había tempo que nun entraba tampouco na capiya da parroquia. Era muito el qu'había qu'andar hasta alí e, nun sendo que nun tuvera na casa, era el home el qu'iba a os enterros. A última vez, d'esa acordábase ben, fora al morrer súa madre. Pro recordábase sobre todo da caxa subindo a costa, amenazando con caer al río a cada pouco, por ir al lombo d'homes que xa nun podían máis. A familia d'ela eran da casa que máis lonxe quedaba da porta del camposanto. E, por eso, ou máis ben porque por eso pouco iban á igresia, a mayor parte dos vecíos falara sempre mal d'elos. Nunca penséin que t'iba atopar aquí, sentíu que ye dicía atrás d'ela el sou home. Sorprendida, pouco máis se ye ocurrió que botar a andar hacía fóra.

Al chegar outra vez unde el mostrador, botóu úa oyuada por ver se a muyer d'antias seguía alí. Nun taba. No sito unde a vira sentada, el home iba guardando el xénero en caxas pequenas, aspacio, sin miralos, como se nun houbera máis naide alí, dentro da tenda. Cuando acabóu, levóunos fóra e, despóis d'abrir úa porta pegada á que daba acceso á tenda, mandóuyes subir escaleiras arriba. Despóis subíu él e levóunos á cocía. Tando alí, achegóuse a un armario e púxose a buscar algo. Paróu al pouco y, en dando media volta, entregóuyes a él úa fotografía. Nela parecían os dous cuando a guerra. Era a primeira vez qu'ela vía al sou home vestido de soldado. El outro levaba camisa azul,

tirantes cruzados sobre el peto e pistola al cinto. Podes levala, dixo. Teño ben d'elas. E marchóu da cocía y elos atrás d'él. Este é el noso cuarto y este é el voso, dixo xa no corredor. Atrás d'esta porta del medio, dixo mirando pá muyer, ta el escusado.

Aquela noite déraye el primeiro golpe. Úa bofetada que ye rompera el labio e qu'a mandara contra a mesía. Fora al quitar a roupa. Algo nun ye gustara, pro nun ye preguntara el qué. El medo podera con ela. El medo y a sorpresa, el desconcerto por algo que ye vira facer cos fijos pro nunca con ela. Él despóis volvera salir y ela quedóu chorando na cama, conmocionada por un dolor qu'iba máis aló del puramente físico. Al pouco, sentíu ganas de vomitar e marchóu al escusado. Al ir salir, sentíu pasos y esperóu a que pararan. Cuando xa el silencio el volvera a encher todo, abríu a porta con muito cuidado de que nun rinchara al moverse sobre a madera. Nun a terminara de franquiar del todo cuando descubríu aquela cara, entre branca e cardosa, qu'a vixilaba. Había nela úa sonrisa contenida que mudóu en espresión de noxo al descubrir cómo tía a cara: hinchada, amoratada e sanguinolenta.

Inda nun ye marcharan del todo aquelas marcas cuando el home volvera a mazar nela, tamén na cara. Fora a última noite, cuando ye iba dar parte dos cuartos que sacara vendendo mel mentres él andaba nel obra. As monedas quedaran todas tiradas polo chao y ela tuvera que recoyelas al salir él e deixala sola. Algúa mesmo marchara por debaxo da porta e tuvera que salir al corredor por ver d'atopala. Anduvera mirando por toda a parte hacía el escusado, pro nun dera con nada. Despóis, recorrera a parte de corredor que separaba el sou cuarto da cocía. Agachada, fincando aspacio as rodiyas na madera, avanzara hasta que sentira voces. Eran os dous homes que se despedían. Un abrazo, dixera el amo da casa. Hasta máis ver, pronunciara el home d'ela. Teis que quedar cuando nun teñas que trabayar, continuara el amo. Eso vai ser difícil, contestóu el outro. E teis que traer a muyer, que noutra circunstancia ha gustarye todo esto. Naquel momento irrumpira un silencio repentino y



a muyer pensóu qu'a sentiran, alí escuitando, arrodiada enriba da madeira. ¿Qué circunstancia?, preguntóu el home. E volvéu aquel silencio. Algo pasaba, eso ben el notaba ela. As frases salían agora tensas das bocas d'aquelos homes. Úa circunstancia na que se porte un pouco meyor, home, rematóu el amo da casa, sin ter resposta del outro lado.

III

El home esperaba a que chegara á muyer outiando río abaxo, hacía a viña e toda esa parte da Calandreira. Al mirar pá casa, vira desaparecer á nena pola parte d'atrás, despóis d'atravesar A Lameira correndo. D'ese xeito soupera qu'el viran. Despóis buscóu úa pedra grande, sentóuse e miróu pal material que trouxera. D'esta vez, costáraye ben caro. El accidente del teleférico levara á empresa a incrementar a vixilancia e, pa ir por él, tuvera qu'esperar máis días del previsto. Todo aquel tempo mirara de nun deixarse ver muito. Quería tamén evitar as preguntas: que por qué chegara tarde, qu'ónde andaba él cuando os demáis xa taban subidos, qu'ónde se metera despóis del accidente. Preguntas rutinarias, sin tampouco muita intención de sacar nada en claro. Fora úa desgracia, de tantas como pasaban nel obra del Salto. Pro a empresa sempre reaccionaba de mao buscando a os culpables d'un presunto sabotaxe.

Tamén por eso a carretera taba máis vixilada. Y hasta p'andar polos camíos había qu'ir con cuidado. Pegado al río Grande, chegara ben cedo á parte da Buliqueira. Pro, a partir d'alí, xa iba ser todo muito máis difícil: tía que subir d'esta vez río Tresmonte arriba hasta dar nas covas de Pedraspañadas. Tando alí, nun ye quedaba outra qu'esperar porque de toda esa parte p'aló inda iba tar máis vixilado. Pensara en meterse na de Veigadecima porque era máis grande. Pro tía qu'atravesar a carretera. E pensara también nas das Gralleiras. Pro éstas eran pequenas. Al cabo, tirara p'hacía a que quedaba debaxo da Cuía. Alí dentro, ben metido pal fondo, sentado nel escano escavado na pena, dera en pensar nel que pasara cua nena el último

día que veran os guardias. Y en cómo s'iba amañar pa outra vez que volveran. A nena era xa grandía e nun s'iban quitar de volver a intentalo.

Engañáralos como engañara a aquél el día qu'a muyer vera durmir a Grandas tando él trabayando no Salto. Pro á casa d'aquél xa nun volveran e nun iba volver nunca. Ben el sabía él. A visita dos guardias era muito máis difícil d'evitar. Seguramente xa taban cuntando de velo parecer. Con aquel de Grandas tuvera él trato cuando a guerra e, despóis, al preguntar os militares pol sogro, aquél calara a boca e nun tuveran problemas na casa. Pro, ben el sabía él tamén, nun iba quedar sin cobrar el favor. E quixera cobrarlo aprotando aquela visita desgraciada. Xa ye dixera él á muyer qu'aquelo sobrava, que nin él necesitaba compañía esos días nin tampouco había necesidá ningúa de vender. Pro ela porfiara nun sabía por qué. Y él xa ye vira a aquél as intencióis el día que chegaran, cuando os mandara subir solos aquela escaleira y él quedara abaxo pa mirar por entre as pregas da saya.

Al facerse de noite, salíu da cova e, despóis de beber da fonte del Gato, tiróu hacía el monte del Oural seguindo as canles dos mouros. A lona era el máis difícil de levar. Nun pesaba muito, pro era grande de máis. Cedo chegóu á carretera que, necesariamente, tía qu'atravesar. Alí tamén atopóu a os guardias. Cuase yes cai enriba, preocupado porque nun ye marchara a lona. Quedóu quieto. Sin respirar. Os guardias movían a luz en círculos. Núa d'esas, a ráfaga deuye na cara y obrigóuno a pechar os oyo. Cuando os abríu, chen de terror, quedóu sorprendido. Os guardias nun reaccionaran. Y él seguía alí, mirando de nun facer ruido, pegado todo el posible a un árbol. Tuvo muito tempo así parado. Hasta qu'os guardias marcharon, xa cuando taba p'amaecer. Comprobóu que desapareceran del todo e pasóu rápido hacía el outro lado da carretera, monte abaxo, sin acabar de crer del todo que nuno descubriran.

Sentado naquela pena, mentres esperaba a que a muyer, pensara na sorte que tuvera aquel día. Y aquel

outro de máis atrás, cuando caera el teleférico. Librárase por ben pouco, como se librara outras veces. Por exemplo, cuando caera aquela camioneta al río. Él taba entre os pasaxeiros, pro baxárase a retirar as pedras que pareceran alí delante e naquel momento parte da pista cedera. Daquela morreran tamén todos. Acordábase perfectamente d'eso, pro nun s'acordaba del que taba facendo cuando el teleférico caera. Dende aquilo, dedicárase namáis a pensar en cómo recuperar os materiais y en cómo levar todo pá casa sin pisar carretera nin camín ningún.

Agora que xa taba na casa, pensaba neso e nun daba entendido nada. Levantouse al ver qu'a muyer chegaba. Miróuna e comprobóu que xa ye pasaran os

golpes. Como cada vez que volvía despóis de muitos días no Salto, precatóuse del guapa qu'era. Pro pensar nos golpes fízoye pensar nos guardias qu'habrían de chegar en cuanto souperan qu'él andaba por aí. ¿Cómo iba paralos esa vez? A muyer achegouse máis. Él pensóu que ye iba dicir algúa cousa, pro pasóu á veira d'él e tiróu hacía arriba. Parecía desorientada, como se tivera buscando algo. ¿Qué buscas, ho? ¿Nun ves que tou aquí?, dixo él. A muyer nun contestóu. Seguíu camín arriba, agora cada vez máis espacio, mirando tamén hacía atrás, sin ver nada tampouco. Entoncias él pensóu nos guardias, que tampouco el viran. E pensóu no teleférico. Acordóuse de que chegara a entrar. Pro nun recordaba se salira.



Cuatro poemas y un relato



NUN SON RAROS —Y HASTA SON FRECUENTES— OS CASOS D’ESCRITORES EN GALLEGO-ASTURIANO QUE VIVEN FORA DEL OCCIDENTE ASTURIANO, QUE SE CRIARON LLONXE D’ÉL OU QU’HASTA NIN SON NACIDOS ALLÍ PORQUE SOUS PADRES EMIGRARAN. PRO A LINGUA APRENDIDA NA CASA É UN VÍNCULO PODEROSO. CONCHITA ÁLVAREZ LEBREDO (VIGO, 1970) É UN EXEMPLO D’ESTO. A SÚA FORMACIÓN COMO FILÓLOGA Y EL SOU TRABAYO COMO PROFESORA ESPLICAN OS SOUS ACHEGAMENTOS AL VOCABULARIO TAPIEGO EN ARTÍCULOS VARIOAS Y TAMÉN NEL SOU BLOG *A salvadeira*.

DESPÓIS DA PUBLICACIÓN D’UN POEMARIO EN GALLEGO, *Distancias e simetrías* (INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS, 2012), DEU A CONOCER AS SÚAS PRIMEIRAS CREACIÓIS EN GALLEGO-ASTURIANO NEL NÚMERO 5 DE *Trabatel* (2014). NESTA MESMA LINGUA VEU DESPÓIS EL MICRORRELATO «A PROMESA» NEL VOLUME COLECTIVO *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D’ASTURIAS, 2016) Y EL POEMA «DE REPENTE, ELA» EN *Escritores asturianos. Antoloxía de textos n’asturianu y gallego-asturianu* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D’ASTURIAS, 2017). DOS DOUS XÉNEROS, POESÍA Y NARRATIVA, ESCOYE AGORA ÚA MOSTRA PRA *Trabatel*. Y OS SOUS LLECTORES DEVECEN XA POR UN LLIBRO.

CONCHITA ÁLVAREZ LEBREDO

1.

Nel alpende del tou colo
fun fendo nío
cos garabuyos dos días.
Fun amañando goxos de bioco
y unha casa alta y tresparente
con un lume medradizo
pra queimar os medos todos.
Fun fendo un berzo
acubiyador y caliente
pr’arrolarme día y noite
feliz y desentendido,
sin decatarme de que, condo volva a ser crianzo,
nun vas tar tu que m’aneines,
nin el lume,
nin berzo, nin casa,
nin goxos, nin alpende.
Xa nun vai tar el tou colo milagreiro,
el colo meu,
el colo noso.

2.

Foi ayer condo aformentóu
un amor qu'amasara sin querer
en bocaos de vagar
entre xeira y xeira.

Foi hoi condo quixo apigarzar
y lo ataniguéi pra qu'espilise.
Y cua forza das mías maos
espunxú y espunxú
hasta encher el espacio da cocía
y tuven que baxalo a saltos,
a risas,
pra que nun salise al camín y tu lo vises.

Foi mañá condo ese amor chovisqueiro,
encrequeñao y dolioso
se fixo fogaxe,
nougo,
sentoiro.
El tou amor sin buscar,
el meu amor sin querer
fixose noso.

Foi mañá.

3.

—Hasmo a explicar outra vez...

—Qué sei eu...
Unha folaxe que m'abalancía con rixo,
zalameiradas del tempo,
un rebumbio d'ocurrencias,
lanxidos das horas,
esperanza. Qué sei eu...

Pasos d'escaleira que naide inda pisóu,
un arco parao de violín,
un baleiro que ferve, engala y arrodíame
en mil reviravoltas.

Pilizcos del deseo,
soledá viva,
soledá morta,
aire que refolga nos ouguidos,
mensaxes enviaos nunca lidos,
pensamentos lambidos,
as últimas aguyadas da calceta de mía madre. Qué
[sei eu...

Xa che dixen que nun podo,
que nun sei explicarche el silencio.

—Peró se xa lo fixiche...
—¡Qué vou fer! Quizáis tu lo entendiche,
peró eu non.
Nun sou quén
a explicarmo a min mesma.

[Silencio]

4.


Deitada nel herba cos brazos a encruz
neste verao ausente
tento d'adormentar os sentidos,
os delirios,
a conciencia.

Repulgos urbanitas fainme pensar
en secudir el pé pra desferme das fornigas
que gabían polas didas
peró sinto a chamada da terra pra qu'apande,
a humedanza del sen d'unha madre,
a dureza da muyer
que riñe por Amor.

Y acougo.
Cravo as uñas nel tarrén
pr'amarrarme forte a ela.
Y, entoncias, xa sou terra,
reices,
herba.
En todo caso,
herba rastreira,
non árbol alto y lucido,
senón arteira que medra arrentes,
que s'estende nun chinisco
cháa d'espías violentas.

Vaise completando, lenta y gozosa,
esta metamorfosis
que fai de min
unha nova Dafne que nun fuxe,
que s'esparrá y chama como tola
por Apolo.

—Anda, sale,
nun t'escondas
tras as nubes.
Cubre el meu corpo,
a mía vida
de luz, d'alegría.
(Xa sou cruz de San Andrés,
herba del mel).
Fai madurecer estos meus frutos
que xa xurden.
Nun me deixes na solombra,
nun m'abandones al inverno
del meu pensamento.
¡Sale, ho!
Sale namáis un pedazo.



5.

Todos os días aguardo al meu amigo sentada nel isla. Teño as rodiyas mouras de sentar cara al nordés, mirando pral Cabo Sebes. Fágolo asina pra nun velo chegar. Veña nadando ou camine polas penas, eu espero de costas cantando pol baxo y espernexando.

Ás veces chega mui cedo y nun teño tempo de pensar. Outras chega á tardiquía, pero eu sei que vai parecer. Nun levamos móvil pra nun moyalo, perdelo ou escachalo contra as pedras. Se nun pode vir, chíframe de lonxe, con un código sacreto que fomos amañando col paso dos anos y que nun ta inspirao nas modulacióis da voz, senón nel linguaxe das miradas, el noso regalar y encoyer d'oyos en connivencia, pra entendéremonos nosoutros solos condo tamos na multítú.

El meu amigo senta sempre al meu pé, pero non sempre fala. En ocasióis namáis mira na mesma dirección dos meus ojos miopes. Hai días en que fala como un tolo: sucédense as anécdotas, as risas, os versos, as renembranzas de cousas antigas que xa naide recorda, y é miyor asina. Condo él cala, podo acompañalo nel sou silencio ou encher el aire de palabras, chancias, citas cultas ou incultas. As risadas d'él estámpanse contra a Punta del Cuitelo y volven a min, que m'escagayo, atacada das súas carcaxadas. Pero outras veces, as súas risas repenicán como a campá d'unha igrexa veyá, que tuvese fundida neste mar que nos envolve, chamándonos a unha misa triste y estraña. Entoncias eu quedo ronceira y señardosa.

Pero hoi xa me tarda. ¡Muito me tarda el meu amigo! Se chega, aunque seña á noitía, vou calar. Nun quero toyelo col meu amor escesivo. Nun quero que pase como ayer. Por eso nun traigo ningún verso pra él.

Cáseque sempre traemos un verso tatuao con boli bic nunha parte del corpo: na perna, nel ombro, na cacha, na palma da mao. Un verso en inglés, en portugués, en alemán, en francés, en galego-asturiano. Cadaldía, nel verao, despós de nadar ou tomar el sol un bocadín, ofrecémonos os versos ún al outro. Primeiro hai qu'atopalo, luego adiviar quén lo escribiu. Escribo, por exemplo,

nel antebrazo: «Todo mo trais, despós haste volver», ou él trai na sufraxa: «und dich lieb ich, ewig Schöne». Condo é difícil, axudamos con opcióis. «¿É de Conchita Lebreo, Xosé Miguel Suárez ou María José Fraga?». Y él a min: «¿Quén lo fixo? ¿Heine, Rilke ou Hölderlin?».

Ayer paséime y, nunha arroitada, trouxen el poema «Ítaca», de Daniel Faria, escrito entero nel lombo. Enfurruñouse, nun sei por qué. Quedóu amouruao el meu amigo. Marmuróu qu'él nun se vía como Ulises y luego roñóu outras cousas que nun entendín, pero suaban como se mazcara sílabas arrincadas d'insultos d'outro tempo. Axina falou alto, cáseque berróu qu'él nun era Ulises, nin el xuglar Geoffroi. Nin eu Penélope, nin Calipso, nin Melisande, nin Lorelei. Y este sito, por se nun me precatara, nun era Ítaca, nin Ogiya, nin sequera el isla de San Simón. Era un penedo furao, grande y malamañao a dez brazas de terra. Nun lo cubría el tapiz de Blaye, senón un campo chen de malas herbas. «¿Quén son eu?»; acabóu por estrombeirar. Y eu, acongoxada: «El meu amigo...». Xa algo máis calmo: «Eso. Un amigo. Un amigo». Y poñía el acento nel «un» con toda intención, a voz trembando.

Eu espero. Aunque dixo que nun viría, sigo aguardando al amigo. Al meu amigo. Xa s'ule el ameicerín, pero sei que vai vir. Nun chifróu y nun me movo d'aquí. Traigo pintada unha frecha nel papo esquerdo. Vouya ofrecer condo veña, pero calada, pra nun aburalo máis col meu amor desaparexo. Xa lo sinto gabiar. Vai rezando mui axeitín, mezcrando versos en galego y alemán. Y eu, de costas. El meu alemán nun dá pra tanto, pero si sinto, con abonda claridá, «Aquelos outros ríos», de Cunqueiro, y, aunque nun entendo ben, sei que pronuncia nas dúas linguas el mesmo nome de muyer, acariñador y melodioso. Quero dar volta, pero sigo de costas. Senta al meu pé, como sempre, y queda calao. Eu tampouco digo nada y, por fin, miro namáis d'esgueira, lo xusto pra ver que trai tres círculos concéntricos pintaos nel papo dereto.





XA PASARON CUATRO ANOS DENDE QU'ALEJANDRO FERNÁNDEZ GARCÍA (EL FRANCO, 1993), MÁIS CONOCIDO POL ARCUÑO DE JANDRO DE QUEITANO, PUBLICARA US POCOS POEMAS NEL NÚMERO 5 DE *Trabatel*. D'ESE XEITO, DÁBASE NOTICIA PRÁ POESÍA EN GALLEGO-ASTURIANO D'UN AUTOR NOVO Y CON PERSONALIDAD. NESTE TEMPO, QUE PRA ÉL FOI Y SIGUE SENDO DE FORMACIÓN, JANDRO ACABÓU OS ESTUDIOS DE TRABALLO SOCIAL Y DESENVOLVE A SÚA ACTIVIDAD LABORAL EN MADRID. ENTREMEN- TRES, PUBLICÓU EN CASTEYANO EN REVISTAS Y LLIBROS COLECTIVOS, ADEMÁS DEL SOU PRIMEIRO POEMARIO: *Comprender el aullido* (BAJAMAR, 2015). DENDE AQUEL 2014, EN GALLEGO-ASTURIANO NAMÁIS PUBLICARA UN MICRORRELATO NEL OBRA *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016), ASÍ QUE YES DEBÍA A OS LLECTORES ÚA ENTREGA MÁIS DEL SOU LLABOR POÉTICO, UNDE S'ADIVÍA CLARAMENTE A EVOLUCIÓN D'ÚA VOZ QUE MEDRA CON PASO FIRME.

Recorda

Dentro de muitos anos,
 condo teñas mui llonxe,
 y a vida, si é que vives,
 te traiga hasta aquí,
 pensa qu'os días foron
 d'outra maneira;
 acórdate da casa
 da figueira, das prantas
 que medran brizas,
 de qu'este xardín, hoi,
 ofréceche el sou acougo.
 Acórdate da lluz
 qu'arroupa y acariña, del sosego
 que ch'axuda coa súa brancura
 máis alló das fronteiras del edá.

Mar

Corres polla arena, véxote, es llibre.
 El sol apousa a súa lluz d'ouro
 sobre os corpos. Este sito rayano
 col mundo é certo.
 Digo qu'a felicidade é úa suma mui sinxella
 de pequenísimas pezas comúis.
 Pregúntome qué dimensión terán as imaxes
 que quedan nos rexistros xenerales dos días,
 na memoria del que pasa. Llindeiros
 y fronteiras que nos ofrecen sosego, acougo.
 El tempo corre
 y volves, de novo, a esta terra que nos acoye,
 y tas solo, y búscasme
 pero xa tou morto:
 somos sombras d'un soño,
 palabras, cerzo, nada.

In illo témpore

Nada puido contigo. Fúchete llonxe, llibre.
Albentestate, polla noite, hacia outros lugares
qu'allumaban toda a sede de vida qu'hai en ti.
Entoncias, bebiche augua y viño forte,
como namáis as valentes beben del placer.

Os días

Nun hai naide qu'espere,
namáis somos cadabres,
obxetos esquecidos.
Nun t'esmolas, tras de ti nun hai nada;
nin Dioses, nin autoridades divías
que vayan interceder por nosoutros.
Agárrate a os días que vein balleiros:
Dios xa ta morto.

Flor de maceiro

Durme el silencio
nestas flores brancas
qu'arroupa a vida.

Soledá branca

Ruxe el vacío
contra as paredes mouras
del noso tempo.

Volta

Sonan as olas.
Hai silencio nel aire,
el mar é noso.



Los zapatos de Marco



ANQUE NAVIA SÍA A VILLA MÁIS GRANDE DOS CONCEYOS UNDE SE FALA GALLEGO-ASTURIANO, HOI NUN HAI MUITA XENTE D'ALLÍ QU'ESCRIBA NESTA LINGUA. ÁNGELES RODRÍGUEZ MONTAÑÉS (ANDÉS, 1975) É ÚA ESCEPCIÓN. EMPEZÓU NEL 2005 CON ARTÍCULOS NA REVISTA *Entrambasauguas*, DALGÚN D'ELLOS RELACIONAO CUA SÚA FORMACIÓN COMO INXENIEIRA INFORMÁTICA. VOLVÉU ALLÓ PARTICIPANDO COL MICRORRELATO «LAS PÁXARAS DEL CÉLO» NEL VOLUME COLECTIVO *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016) Y CON «NO CAMINÍN DE CEMENTO» EN *Escritores asturianos. Antoloxía de textos n'asturianu y gallego-asturianu* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2017). ADEMÁIS, ACABA DE PUBLICAR UN CONTO INFANTIL, *Roger, el reno que chegou de llonxe* (TRABE, 2018). INDA NUN VISITARA AS PÁXINAS DE *Trabatel* Y FAILO CON UN RELATO CURTIO COL QUE SIGUE ESPLORANDO ESE FORMATO NARRATIVO.

ÁNGELES RODRÍGUEZ MONTAÑÉS

Nos pés de Marco todos los zapatos quedaban pequenos. Foi por eso qu'aquel día de tarde nun fixeron compras; deixaron los cuartos pa outro día qu'houbese más números. Pa dicir verdá, xa nun había présa por estrenar calza, porque el ilusión del contrato novo con viaxe incluío a Normandía, por desgracia, volara fía xa us días.

Con tanto mal sabor de boca por úa cousa ya outra, despós de parase a pensar un pouquinín, decidiron ir tomar algo nel bar de xunta el río, cerca los tenderetes que puxeran pola mañá pa la feria medieval que principiaba xusto ese día. Igual despós s'arrimaban a sabichar nellos, pero lo primeiro era coyer alento nel bar.

Tando xa sentaos tranquilos, mentres los atendía un camareiro d'acentu arxentín, ouguiron úas voces colase pola porta. Seguío, atisbaron nas ventás a dous mozos con focías ya roupas medievales. Nun taban amarrándose, namás dicían berrando un poema épico que falaba d'un héroe antigo. El espolín que vían fendo era terrible.

Mentres ye puían el café con anís, Marco pensóu no que taba escuitando fora: aquel dragón dolente lluitaba con aquel caballeiro tamén abondo atollao. Espada erguida, subío nun probe caballo, el home movía aquel ferro afilao pa un llao ya pa outro, esquivando con bon xeito el fougo que ye salía pola boca al llargatón malencarao d'oyos regallaos.

La xente asiática tamén andaba de festa. Úa grandísima culobra china feita de cartóis ya telas ben chamadeiras entróu pola porta, tréndoye a la cabeza a Marco lo que llera na rede fía poucos días: la culobra é úa especie d'amuleto pa los que, como él, son del signo de Leo. Pensóu: ¿será búa seña pa min ver este bicho, anque sía de mentira ya teña xente metida dentro?

Pitóu na mesa el teléfono móvil. Marco sentíulo. Coyéulo como estraño. Era un mensaxe. Abríulo con ganas. Tabo escrito como querendo acabar axina. Nun puía claro polo qué, pero, casualidá, el texto vía a dicir qu'el contrato volvía ser d'él. Marco respiróu contento mentres s'acomodaba na siya de madera, inda mirando pal móvil.

Namás el olor a café ye fixo volver puer los oyos na taza ya arrimalla fumiando a la boca. Taba bon, case tan mouro como el que ye daba de pequeno la bisabola núa conquía. Mentres tanto, sin que se dera conta sequera, fórase la culobra; el bicho anduvera a brincos por entre las mesas, índose despós despacín ya deixando a Marco cola sonrisa d'un neno con zapatos novos.





Güei vite pasar
ya nun pude chamate;
l'amor que tuvimos
quedóu enterráu
xunto al ríu,
aquella tarde.

CARMEN GUARDADO, Nordés

NUN YE PODEMOS POÑER LLUGAR DE NACEMENTO ÚNICO: JAVIER FERNÁNDEZ-CATUXO GARCÍA (1966) DECLÁRASE PARTIDO ENTRE AS FIGUEIRAS Y TAPIA PORQUE ENTRE OS DOUS SITOS VIVÍU SEMPRE. XEÓLOGO Y DOCTOR EN CIENCIAS, É AMANTE DA CULTURA TRADICIONAL ASTURGALAICA, EN PARTICULAR EL ARQUITECTURA POPULAR Y EL PATRIMONIO INMATERIAL. Á MOSTRA MÁIS EVIDENTE É EL SOU LLIBRO *Supra Terram Granaria* (CONCEYO DE XIXÓN, 2011), SOBRE OS HURROS NEL LÍMITE D'ASTURIAS Y GALICIA, QUE RECOPILA MÁIS DE DEZ ANOS DE TRABAJO. PRECISAMENTE, NEL 2013 RECIBÍU EL PREMIO EUROPA NOSTRA D'INVESTIGACIÓN SOBRE PATRIMONIO CULTURAL.

XA PUBLICARA DALGÚA COUSA EN GALLEGO-ASTURIANO CUA FUNDACIÓN MARQUÉS DE SARGADELOS, PRO É NEL 2017 CONDO SE DÁ MÁIS A CONOCER AL GANAR EL PREMIO FERNÁNDEZ LEMA DE RELATOS NA MODALIDAD D'ASTURIANO, ANQUE EN REALIDAD PARTICIPÓU CON UN CONTO EN GALLEGO-ASTURIANO: «LÉVAME, VENTO». AGORA OBSEQUÍANOS CON UN RELATO INÉDITO UNDE EL PAISAXE DA RÍA DEL EO É EL ESCENARIO D'ÚA HISTORIA D'AMOR PROHIBIDO, COS SOUS MEDOS, AS SÚAS EMOCIÓIS, OS SOUS DESCUBRIMENTOS...

Pol camín d'Arroxo, ben de mañá por Santa Rita, amuréinte al pasar. Ibas dereta, recachada, axenegando con guapura ese corpo tan ben feitín, einda contra dos anos. Viche ameicer sosmeira, como a raposa, neste camín dos recordos y nun me viche a min, espotrayada na pedra achanada del lavadeiro, debaxo dos loureiros. Aquí, anoitada neste recanto mouro unde as sombras einda t'esconden, nun tuven que baxar a cabeza como delas veces nin mirar pra outro lao. Nun volviche a vista y nun soupiche que, úa vez máis, eu devecía por ir tras de ti, suplicante y congoxosa, como sempre.

Foi aquí, nel camín d'Arroxo, este camín gastao y costo que vai morrer na ribeira unde contaban os veyos qu'arrebolaban as vacas que morrían ou s'esmoucaban. Por este mesmo camín amañéi eu d'arrebolar el noso amor, esmoucao, depenao, traicionao..., pode que por nun ser quén a bregar coa fortuna, pode que por ter medo a sentir ou a vivir.

Tu xa nun mo ibas perdonar nunca. Diche en pasar polos camiós y polas cayes sin cruzar os oyoos cos meus, volvendo a cabeza, revirando y ganando a volta por outros carreiros. Seguiche el tou camín dereta, recachada.

Aquí, nel camín d'Arroxo, camín máis veyo qu'os camiós, caleya embruxada que foi el noso paraíso perdido, camín de xanzas profundas como os regueiros que nos deixóu nel alma a vida al sou paso, aquí seguimos as dúas, presas despóis de tantos anos. Camín pechao por balaos de silvas y arteiras unde vivíu escondido, pastoirao como un poltro bravo, el noso amor prohibido.



Agora aquí sentada, cara al final del camín, recordo aqueles días que vexo tan lonxe. Foron tempos d'arrebato y xirigonza, ceibes sin preocupacióis, a época da vida unde te sintes libre y t'achegas á felicidá. Tempos d'andar arrestroyadas pol trabayo duro y privacióis, pro nunca faltóu úa sonrisa na cara nin razóis pra erguerse cedo pola mañá.

Del outro lao d'esta caleya, al aveiro dos loureiros, chegao San Antonio, pasábamos el tempo deitadas nel herba verde. Esqueicendo el mundo, fíamos adivanzas coas florecías, mirando el sol entre as foyas que s'atanigaban, sin feir caso das xatías que nos reclamaban bruando, quen sabe se envidiosas...

Nunca soupen cómo nin d'ónde chegóu aquilo que descubrimos xuntas, aquilo que naide nos dixera y nunca podemos pensar, pro que despertóu os corpos amurgueiraos, medosos. Descubrir el mundo y dalguén que nun conocías dentro de ti, todo a un tempo.

Iban as maos coyendo confianza, medosas pro ben ansiosas, recorrendo as roupas desfarrapadas, apalpando en busca del tacto da pel escondida debaxo das chambras. Nun se m'ha esqueicer que, pechando os oyoos, recibín ese primeiro calambre condo os tous dedos apalparon, acariñando a pel tirante, os montes d'este corpo entero de meu.

Y íbamos achegándonos, puxando d'un lao y d'outro, rodando pol herba mole, encabalgándose as pernas y os brazos hasta quedar xuncidas. Os labios primeirizos que se rozaban, temerosos, sin saber mui ben se aquilo sería pecao ou a vida que puxa por despertar.

Sin saber dar razón d'aquelo que nos fervía debaxo da pel ardente, enfogadas nel trabayo agotador del querer, perdémos a conta del tempo, pasando mañás y tardías entre mil suspiros y un santiamén.

Mordémos y devoramos os torsos ardentes, como fuiñas rebincando sin xeito, descocadas, escolmiando con ansia el mel sabroso dos corpos novos, corpos arrepolaoos y verdayos, acabaos d'espigar tal qu'el meiz del brao.

Éramos pouco máis qu'úas mocías novas, inocencia y alegría, arrepuadas por soños d'úa vida que nin sequera osmábamos que nos taba negada.

Pasao un tempo, axina soupemos qu'aquelo sin nome qu'atopamos entre risas, aquilo que brotóu natural y limpo entre nosoutras, era cousa anougada y perversa que nos trouxo dolor y revoltura.


Perdidas y medosas como un neno estraviao nel monte, volvendo del mercao en Vilaselán, fomos tar con un francés, patrón d'un bou, que consentíu en levarnos sin pagar pra unde fose. Pode qu'aquel rapaz roxo y esmexao se fixese algúa ilusión con dúas nenas novas que lo foron adular, pro el caso é que nos taba esperando na ribeira aquel día de San Miguel.

Foi xa na víspora del viaxe, sin saber cómo, qu'el noso amor quedóu nel prao, desfeito nel herba, estragayao como pequenas gotías d'orbayo. Erguémonos einda sorrintes sin que tu souperas que, dentro de min, xa taba setenciada a mía traición, involuntaria pro fatal de necesidá.

Aventamos as roupas entre risas pro, sin ter conta d'elo, volaron os soños xunto das herbas al vento. Peneiramos con ganas sin saber que deixábamos alí el única historia d'amor que conocín y tamén qu'era el última vez que nos haberíamos de falar.

Einda nun soupen hoi por qué nun fun capaz de cumprir aquela mañá. Púidome el medo y nin sequiera fun quén á achegarme a verte. Tu, sempre tan lanzada, sin ese medo que me paralizaba a min, xa nunca volviche falarme nin quixiche saber de min...

Mía madre, a quen nunca cousa dixen pro qu'algo osmaba, ben sei, tería vido aquí, al prao d'Arroxo ou á punta del Barreiral, pra verme pasar, chorando al pensar que me perdía pra sempre pro contenta por saber qu'eu conquistaba, quizáis, a libertá qu'ela nun chegóu a ter.



Y todo eso ¿pra qué? Porque despóis veu a guerra, veron os anos que pasaban tolos, veu esta morte prematura, desdén y amargura. El aire suave da primavera qu'un día nos espelíu trouxo tras de si un nordés frío que nos fixo enguruñarnos y aconexarnos. Envejecemos de golpe al perder a frescura y a ilusión que con tanto mimo fóramos tecendo.

En muitas ocasióis penséi que ningúna cousa pior que todo esto nos podería pasar se chegamos a irmos nesa aventura sin rumbo, pro cargada de soños. Penso y penso, douye mil voltas, pro nun dou sabido por qué nun fun muyer abondo pra seguir os tous pasos, pr'atreverme a vivir un pouquín.

Corren os anos, a gabelas, pro einda nun lo fain tan rápido como deberían. Días y noites de pechase acougada al calente da cocía, tardes dos invernos infinitos dando cabezadas al pé del lume. Paréceme, pode que seña a imaxinación, que solo escuito el soniquete afogao da xente que fala de min na caye, como letanías y rosarios que marmuran as veyas. Tempo eterno levando ás costas ese pesar tan grande como úa roda de molín.

Recordo incómoda aquela vez que fomos coincidir, por San Roque, na lancha del pasaxe camín de Porciollán. Sentadas sin poder remedialo, úa al pé del outra, sin poder movernos, mirando al redor cara ás nubes. Parecéume qu'el lancheiro nun nos quitaba el oyo, pode que maliciando algo, pode que solo querendo chamar a nosa atención. Pode einda que namáis mirase pra San Román pol pico das nosas cabezas enluidadas. Sufrín por táremos tan xuntas que se rozaban as roupás, pro tan distantes que cabía úa vida nel medio. Sentín nervios y tristeza, respingos d'esas peleyas tesas que noutro tempo compartiran calor y sudores; y que me fixo comprender, rabiada, que nada tía sentido nin xeito.

Por úa faladuría nun día de San Martín soupen que tal fecha señalada como hoi, de San Miguel, vías sentarte nel camín d'Arroxo perdendo a mirada na ría, por unde teríamos que ter salido tempo atrás.

Pasaos os anos, cansada d'esmorecer y desfeita de dolor, fun tar contigo; cheguéinme en busca túa a esta pedra achanada del noso camín. Xa sin medo, arremangada por primeira vez na mía vida, sentéime al pé de ti y coyínche a mao. Caladas, cruzando a mirada un instante, sentimos el calor tímido d'ese lume que revivíu nos corpos resentidos por anos de frialdá.

Nun fixo falta cruzar palabra, solo apretar as maos buscando ese contacto que quedaba na acordanza y lamentando os anos perdidos. Xuntas al fin, quedámonos a esperar el último sol que xa vía querendo poñerse por detrás de San Damián.





QUEN CONOZA OS POEMAS DE JOSÉ MANUEL GAYOL SUÁREZ (ORTIGUEIRA, CUAÑA, 1955) SABE DEL SOU ARTE COL RITMO Y A RIMA, PRO SOBRE TODO DA SÚA SENSIBILIDÁ. COL ARCUÑO DE BABEL DE CAL CADETE, QUE LLEVA EL NOME DA SÚA CASA NEL LLUGAR PIXOTO D'ORTIGUEIRA, FIRMA AS SÚAS CREAÇÃOIS LLITERARIAS. DESPÓIS DE PUBLICAR US POEMAS NEL 2013 NEL NÚMERO 4 DE *Trabatel*, ESCRIBÍU UN TEXTO EN PROSA POÉTICA, «TODO QUEDA NEL AUGUA», PRAL VOLUME *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016) QUE BEN PODE VALIR COMO INTRODUCCIÓN PRA OS POEMAS QU'AGORA NOS BRINDA AQUÍ, PORQUE É EL AUGUA EL ELEMENTO RECURRENTE QU'EMPAPA Y ARRECHA EN TODOS OS VERSOS.

CON UN FEIXE D'OBRA INÉDITA, AGUARDAMOS POLA PUBLICACIÓN DALGÚN DÍA DEL SOU PRIMEIRO LLIBRO. A POESÍA DEL OCCIDENTE ASTURIANO IBA TAR DE NORABÚA.

Augua

Solo.
Chove a concadas.
Dende a ventá vexo el mar.
Goteiras y resaca,
augua dulce y augua salada.
Choro,
choro por muito y por nada.
Arréchame el augua dos oyo,
enchumázaseme el alma.
Recordos,
recordo tempos de calma chicha,
pero tamén de vagas de mar.
Nortada.
Navego y volvo a chorar.
Sin lluces, al debalo.
Nun vexo outra cousa qu'andainas.
Agora sinto a daquén,
pero nun escampa del todo.
Barruza.
Marexadía.
Sigo tando solo,
mui solo,
anagao nas penas del augua.

Auguas saladas

I

Augua qu'alluma horizontes,
augua azul pousada y tesa,
augua cha que nun se move,
augua qu'embruxa ribeiras.

Augua froxa que se toye,
augua que nun fai fayenas,
augua que nunca te coye,
se tas taliando as mareas.

Augua da sesta dos botes,
augua pa saliar coas nenas,
unde empezan os amores,
unde s'esqueicen as penas.

Augua que reflexa soles,
espeyo de llúa y d'estrellas,
unde el ouca de colores
medra nos fondos de pedra.

II

Augua qu'estorna horizontes,
augua gris revolta en xeira,
augua del vento del norte,
augua qu'enturria na veira.

Augua d'andainas mui forte,
augua qu'estragaya y berra,
augua que de branco corte
cuaya na costa mui testa.

Augua que te quebra y morde,
augua que ferve y que queima,
que trai el medo de llonxe
y nos anaga con fieras.

Augua que zapica morte
deixa chorando as estrelas,
porque nas dolentes noites
pousa cadabres en terra.

Auguas dulces

I

Augua que verque del célo,
augua que moya, enchumaza,
augua que pare nos regos,
augua que medra nas xanzas.

Augua encesa nos arrechos,
augua de poceiras claras,
augua que d'un verde testo
pinta praos, hortos y canas.

Augua qu'asoma en regueiros,
augua que dá vida asgaya,
que fai regatos pequenos
que chegan a ríos de prata.

Augua de llagos con xelo,
de fontes y salimeiras,
unde peinan os gadeyos
as xanas máis pintureiras.

II

Augua qu'estoupa nel célo,
augua que todo lo anaga,
augua que reventa el peto,
augua qu'ensexendra alimañas.

Augua qu'estumba y dá medo,
augua revolta qu'arrasa,
augua que foza de negro,
qu'emporca y enche de llama.

Augua qu'eslleira con reyo,
augua d'Hidra que mata,
que chega dende el inferno
con un feixe d'arriadas.

Augua que chanta cuitellos,
qu'esgaza dando broscadas,
desfái ribeiras y eiros,
desfái llugares y brañas.





ÚA DAS FINALIDADES DE *Trabatel* É A DE BRINDAR UN ESPACIO PRÁ XENTE QUE TEN INQUIETUDES LLITERARIAS Y QUE NUNCA VÍU AS SÚAS CREACIÓIS EN LLETRA IMPRESA. É EL CASO DE LAURA AMOR FERNÁNDEZ (*A Grandela*, Tapia, 1979), QUE, SE BEN DEIXA ESCRITO DALGÚA OBRÍA EN CASTEYANO SENDO NENA, ENTRA AGORA CON ESTA NARRACIÓN NA NÓMINA D'AUTORAS DE LLITERATURA EN GALLEGO-ASTURIANO. DE PROFESIÓN INXENIEIRA TÉCNICA AGRÍCOLA, SEMPRE TUVO MUITA PREOCUPACIÓN Y APEGO POL MUNDO RURAL. EL CONTO QUE NOS PRESENTA PRA *Trabatel* PRETENDE ACHEGAR ÁS NOVAS XENERACIÓIS A SÚA VISIÓN DEL MUNDO A TRAVÉS DA TRADICIÓN ORAL QU'ELLA CONOCÉU NEL SOU LLUGAR NATAL CONDO ERA PEQUENA.

Vouvos cuntar un conto que nos cuntaba meu padre condo éramos pequenas. É ún dos muitos del sou repertorio porque, pra durmir a seis fiyas todas as noites, podedes imaxinar a d'elos que tía que saber, ou inventar.

Sempre teño un problema cos contos de meu padre: nun sei se los inventóu él pra salir del paso ou narran feitos que pasaron de verdá. Barrunto que verdá del todo nun son y que sempre yes amecía él daqué pra que fosen más emocionantes.

Dicíanos que, aló polos tempos de meu bisabolo, muitas personas víanse na necesidá d'ir a Castropol ou á Veiga pasando por un sito al pé de lo qu'inda se conoce hoi como As Penas de Vilar. É un paraxe particular, unde deslinda a parroquia de Tol, en Castropol, coa del Monte, hoi del conceyo de Tapia y unde se xuntan tres camiós.

Castropol era el centro administrativo da comarca. Alí tíanse que fer muitos trámites nel Rexistro, el Notario, os Xuzgaos... y elo era motivo pra ter que chegarse a esta vila.

El paso era tamén muito pral outro sentido. Naquelos tempos a feria dos xoves na Roda tía muita importancia; alí tratábase en todo lo que fía falta nunha casa de labranza. Y tamén se botaba mao d'afiladores, ferreiros y ferradores, quincayeiras y outras muitas personas qu'ofrecían el sou trabayo. Esta feria era, entonces, un encontro case obrigao pra qu'os moradores d'esta comarca satisfacesen as súas necesidades. Por eso queda inda hoi na boca dos nosos maiores el dito *Al xoves na Roda* —nun había móbiles, claro— y d'este xeito quedaban convocaos pral seguinte día de feria.

Lo que meu padre nos cuntaba acontecía nun sito que queda a poucos metros da mía casa; y eu penso qu'a todas se nos poñía peleyo de pita condo lo ouguíamos. Daquela, pasao el cruce que tira pras Penas de Vilar, a primeira casa que s'atopaba condo s'iba camín de Tol era a de Baltasar da Grandela; igual por eso a historia chegóu a min, porque este home nun era outro que meu bisabolo.

El cruce dos tres camiós fai un paso que de día é un sito mui agradable. Pro de noite, naquel tempo, col monte zarrao d'árboles y gancelas, había úa bouza que podía chegar a darse a medos, sustos...

Nos días curtos del inverno había caminantes que pasaban á tardía ou xa de noite pol cruce das Penas de Vilar. Y tou segura de qu'en muito más d'un caso chovendo, con cerzo, vento y outros fenómenos que los acompañaban.

Podía ser que se yes fixera noite porque s'entretuveran bebendo y xogando ás cartas en algunha cantina, ou porque nun yes dera tempo a fer os trámites que tían pensao.

Houbo unha época que neste cruce de camiños aparecíaseyes a aqueles desafortunaos que lo cruzaban un ser que nunca tuvo nome y qu'iba cuberto con capa y sombreiro d'ala. Asustábalos lamar esgamayando y escougando pra que ye deixasen as pertenencias que levaban encima, que dependendo de quén fose el personaxe podían ser muitas, ou podían ser más modestas. Pro valíaye todo lo que cualquera podera levar nel pico da montura ou del carro; ¡todo ye valía!

A xente qu'iba en dirección a Tol chegaba á Granelada morta de medo dicindo que ye salira algo raro nel cruce das Penas de Vilar y que ye tuvera que dar todo lo que levaba, porque tanto esbarafustaba y amenazaba que pensaba qu'era unha pantasma, ou el mesmo demonio —dicía algún— polos improprios que d'aquel ente salían. Nunca naide puido cuntar d'un xeito claro cómo era; namás algunha persona s'aventuró a dicir qu'iba d'escuro con capa larga y sombreiro. Tampouco naide s'atrevéu a atesar qué era lo que dicía, porque chegaban con tantísimo medo que nun eran quén a cuntar nin lo que viran, nin lo qu'ouguiran. Todos ellos coincidían en que tuveran que deixar alí todo conto levaban.

Supoño que del outro lao d'aquel sito, en pasando As Penas de Vilar, nos lugares de Vilar, Reiriz... viviron casos aparecidos. Xa fartos de qu'a xente pasase medo neste cruce, os vecíos decidiron amañar unha cuadriya y enfrentarse a aquela pantasma que tanto medo ye fía pasar á xente.

Gustaríame que yes podésemos poñer nome a aqueles qu'empezaron a argayar el plan de subir a un home a un cabalo —diría meu padre: «Nun sei se el

más valente ou el más ignorante»— y usalo de cebo. Encheron ben unhas alforxas pra que parecese qu'era unha búa vítima y al home, col miyor qu'encontraron, disfrazáronlo pra darye pinta d'un viaxeiro podente. Este individuo taba preparao pra entrar en escena más tarde, féndose el borracho, falando col cabalo pra que se ye ouguise chegar al cruce y qu'a pantasma pensase que taba esposto a ela. Ese era el sou labor.

El resto da cuadriya acuruxaríase cerca del sito unde dicían que se sufriran os percances, pra qu'en conto salise a pantasma la coyesen entre todos y ye desen unha búa mayeira ou alomenos podesen saber qué era aquilo.

Escoyeron unha tarde d'inverno de cais: chovía, ventaba y a nebra poñía unha nota de respeto y medo entre os qu'al principio taban convencidos de qu'iban saber qué era lo qu'había nas Penas de Vilar. Houbo más d'unha baixa, pro, inda con eso, a cuadriya que quedóu salíu pral monte estragayándose polos curuxos que xa tían escoyidos. Iban a pé, sin montura, porque el cabalo, sin querer, podía fer notar a súa presencia.

Según pasaba el tempo el vento cada vez bramaba más, taba más escuro, el frío medraba y os nervios dos nosos vecíos tamén iban a más; pro alí aguataron hasta que, condo xa foi noite pechada, víronye ir achegándose a unha figura d'a cabalo entre a negrura da noite. A forma subíu a un cortao de pedras qu'hai un pouco más pra riba y deixóu atao el cabalo —que tía que ser mui manso porque nunca ningún dos testigos das aventuras d'este personaxe dera cónta da súa existencia—. Entoces, xa a pé, a figura agazapóuse entre a bouza coa súa capa escura y el sou sombreiro calao y púxose a esperar.

D'algún xeito que desconocemos arrancóu el plan: el home disfrazao que fía de cebo salíu cantando y falando col cabalo dando seña de ter unha búa curda. Nel momento en que s'empezaron a ouguir as ferraduras mazar nas louxas del tarrén y al noso vecín falar, a pantasma salíu del sou aveiro y empezóu a berrar y a esgamayar invocando almas impuras, santas compañas, ánxeles en comunión con Satán... pra botaryos encima se nun ye daba todo conto levaba.

Eso dicían os que taban presentes, anque entre el medo, algo d'alcohol que tomaran pra trempar os nervios y el respeto que daba a noite, tampouco taban seguros. Inda así, armaos de coraxe, condo el cebo deu a señal, todos foron a por aquel ser que tía atemorizada a tanta xente.

Entonces medróu el valor y foron quén a desenmazarar a Pantasma das Penas de Vilar: nun resultóu ser outro más qu'un home ben conocido y integrado na sociedade, que disfrutaba d'unha influencia ben porriba dos demás.

Nun vou dar más datos, porque esto é un conto y nun sabemos se foi verdá, se foi medio verdá ou se foi todo unha argayada pra que seis rapacías inquietas durmisen de noite.

Pro el relato nun acaba aquí: tamén meu padre nos cuntaba que nesta mesma época un home conocedor da hestoria da Pantasma das Penas de Vilar tuvo a mala-

ventura de ter que pasar por alí de noite; a pé, porque el cabalo perdera unha ferradura, xa coxiaba y nun podía col peso. Al bon d'aquel home enzarabeyóuseye algo nun pé y tanto medo ye entróu de que fose a Pantasma, que lo quería levar con ela, que se quedóu alí quieto, sin moverse, hasta qu'ameicéu. Coas primerias luces puido ver que lo que lo prendía pol pé nun era ningunha pantasma, senón un arto que se ye enganchara nos calzóis y nun ye deixaba seguir pra delante.

Podo dicir, a bon seguro, qu'este conto enseñóume qu'el medo nun existe. El medo ta en nosoutros mesmos y temos que botalo fora, desenmazaralo igual qu'a Pantasma. Porque nun hai nada nin naide que nos poda asustar ou controlar á súa voluntá. Sempre haberá daquén velando pra qu'el medo nun consiga roubarnos as nosas ilusióis.

Nun deixedes qu'un arto vos teña unha noite entera sin poder fer lo que queredes.







NUN SE PRODIGA MUITO CHRISTIAN LANZA (ANDÉS, NAVIA, 1995), A PESAR DA MADUREZ LLITERARIA QUE DEMOSTRA NAS POUCAS COUSAS QUE PUBLICA. ESTRENÓUSE NEL 2013, CON DECISÉIS ANOS, DANDO A CONOCER US POEMAS NESTA MESMA REVISTA Y HASTA EL 2016 NUN VOLVÉU PUBLICAR DAQUÉ, UN RELATO CURTIO, «NÓMADAS», NEL VOLUME COLECTIVO *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016). DAQUELLA, CONDO EMPEZÓU, TABA ESTUDIANDO MÚSICA Y ACABANDO EL BACHILLER. AGORA SIGUE COMBINANDO A SÚA FORMACIÓN Y EL SOU TRABAYO COMO PROGRAMADOR INFORMÁTICO CUAS SÚAS AFICIÓIS ARTÍSTICAS.


Trabatel VOLVE SER AVEIRO PRA QU'AUTORES NOVOS COMO CHRISTIAN S'ANIMEN A DAR A CONOCER AS SÚAS CREAMIÓIS. AQUÍ NOS DEIXA UN RELATO INÉDITO.

Muitas veces che dixen qu'as cousas tían que ser curtias pra ser eternas.

Abondas veces respondícheme sin crerme, cua túa inxenuidá tan cuquía que xa fai dalgún tempo me llevóu a ti, como se tuveras fendo forza na túa porta pra qu'a realidá nun fose quén a entrar. «Vou darche úa cotapada que xa verás», dicíásme, mentras eu, que sempre vin as cousas d'outro xeito, como se tuvera véndote dende as nubres, miraba pra ti, bendita mía, esperando pr'atopar el ángulo perfecto pr'arroubarche un chucho nos llabios. Nun tíamos miga, pro tíamos abondo pra nosoutros. Sempre penso el allouriaos qu'íbamos tar se chegamos a medrar d'outro xeito, arrodiaos d'escesos y balleiros de vida. Sempre dixemos qu'antias d'eso taba a morte, ou asina é como eu soupen entender el que nos dicíamos cuas nosas miradas cómprices entre a xente.

Se eu ch'axudara, ou se pudesese cambiar a túa realidá pra ferte un pouquín máis llibre nesta sociedade na qu'a llibertá é a máis grande das mentiras, inda nun sei cómo ibas fer pra sacar as túas pantasma de dentro y escougar á vida. Sempre tuven d'eso, pois muitas veces as pantasma quedan nún pra sempre, como aqueles parásitos dos pexes, que che cuntara eu que yes iban comendo a llingua por dentro. Inda hoi m'acordo del noxo que pasache condo faléin d'esto, y nun era pra menos. Condo digo noxo, sabes ben que falo d'un noxo especial que tía qu'acabar con un abrazo. «Teis un conto... que mialma»; era el que che soltaba condo fías das mías historias un mundo.

Sempre penséin dende que chegache que nun iba ter tempo abondo pra recorrer el mundo contigo. Ben sía porque te foses ir, ou polos anos, que fain a ún sentir cómo s'acelera a vida, tuven sempre na cachola el pensamento de qu'iba chegar al inverno antias qu'al brao, de qu'el augua de novembro iba volver pra quedar. Sinto se sempre fun un pouco agoreiro, pro eu penso qu'ese foi el motor pra vivir núa poesía perenne. Agora, cuas llágrimas ben guardadas, asomeñándome al xelo, recordo noites túas y mías



arrincándonos el carbén del alma, el que se xuróu y el que se fexo, y penso cómo fomos tan fatos pra nun aproveitar dalgúas cousas qu'a vida nos daba. Ben sei que fixemos el que soupemos, pro, agora que chega el acabo y qu'as andolías vanse pra nun volver, agora que chega novembro y que nun quero xa que marche, sinto el pánico das solombras condo penso que xa nun vas tar acó y que xa nun vamos ter esa casía de chocolate que tanto che prestaba.


Xa van quedando llonxe as tardías recorrendo carreiros entre foletos y ocalitos (perdona, pro xa sabes el que penso d'ellos) y os sueños d'ebriedá d'aquellas noites máxicas francesas, os kilómetros que temos feito y as cancióis da nosa vida xuntos. Vou recordando como se fose un narrador en terceira persona a aquellos rapaces entre peteiros de xente cuas mochilas al lombo devecendo por úa cerveza ben fría, daqué ruin pra xantar y un par de cigarros. Sempre penséin que te taba levando á mala vida. Agora xa nun sei qué é el malo ou el bon condo vexo cómo vas arredándote

na escuridá, perdendo a conciencia, cua mirada posta nun punto del que nun vas salir nunca máis.

Xa vas sendo nada. Xa vou vendo cómo as mañás van volvéndose máis frías cada vez, y vas garrando un color branco y mouro que nun soi quén a describir. Inda nun sei cómo rematar esta cartía de despedida na qu'el mejor resultao iba ser a foya en branco.

Prestárame, se crese en daqué máis qu'a carne, que condo chegases alló y tuveses ben instalada, volveses por min: que falases con quen tuveses que falar, que coyese as claves da cancella (supoño qu'ha ser ben grande) y volveses por min; que m'arroubases pra ti, que fixeses el habido y por haber por nun deixarme solo neste novembro de mortos vivos, neste outono de vivos mortos. Devezos por volver atrás y fer el imposible pra que nun m'esqueizas, pra sentirte acó condo esta procesión al camposanto acabe de ruxir. Se inda m'escuitases, se inda a túa conciencia tuvera nesta terra, iba pedirche el última mostra d'amor: llévame contigo.

Xa nun es nada.





DICEN D'ÉL QU'INVENTÓU A NOVELA NEGRA, UN XÉNERO DE MASAS Y ESPEYO DA SOCIEDÁ DEL MOMENTO, COL SOU DETECTIVE SOLITARIO Y DESENGAÑO MOVÉNDOSE SEMPRE ENTRE EL BEN Y EL MAL. DASHIELL HAMMETT (1894-1961) SOUBO DARYE Á XENTE ÚA LLITERATURA DURA, DIRECTA, DE DIÁLOGOS SECOS, QUE TAMÉN TUVO MUITO QUE VER COL NACEMENTO DEL CINE NEGRO, PORQUE AS SÚAS NOVELAS DERON PÉ A PELÍCULAS MEMORABLES DEL XÉNERO COMO *The Maltese Falcon* (1941), PROTAGONIZADA POR HUMPHREY BOGART NEL PAPEL DEL DETECTIVE SAM SPADE. A ETAPA DE HAMMETT COMO INVESTIGADOR DA AXENCIA PINKERTON VALÚYE PRA CONOCER DE PRIMEIRA MAO EL MUNDO QUE DESPÓIS DESCRIBÍU TAN BEN NAS SÚAS NOVELAS Y CONTOS.

EL SOU DEBÚ FOI EN 1922 CON UN RELATO PUBLICAO NA REVISTA *Black Mask* COL PSEUDÓNIMO DE PETER COLLINSON: «EL CAMÍN Á CASA» («THE ROAD HOME»), QU'AGORA BRINDAMOS NÚA VERSIÓN EN GALLEGO-ASTURIANO DE XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ. NÉL APÚNTANSE MUITAS DAS CARACTERÍSTICAS QU'HAN A MARCAR DESPÓIS EL SOU ESTILO. COSTA CARO FIGURARSE ESTA ESCENA, QUE NUN DURARÍA MÁIS D'US POCOS MINUTOS, NOUTRO SITO QUE NUN SÍA VÉNDOLO NUN CINE Y EN BRANCO Y MOURO.

—¡É fato se deixa pasar esta oportunidade! Han a concederme el mesmo mérito y a mesma recompensa por llevar as probas da mía morte que por llevarme de volta. Teño documentos y cousas escondidas al pé da fronteira de Yunnan que ye poden valer pr'amañar úa historia, y nun teña medo, que nunca hei a aparecer pra descubrire a xugada.

El home vestido de caqui rebixú a cara con fastidio paciente y quitóu a mirada dos ocos pardos inflamaos que tía delante pra pousallos por derriba da borda del *jahaz*, unde el focico engurriao d'un *muggar* esbatuxaba na superficie del río. Condo el cocodrilo volvéu chumbar, os ocos cardoxos de Hagedorn chantáronse outra vez nos del home, que ye suplicaban, y falóu con cansacio, como daquén que contestóu os mesmos argumentos úa y outra vez.

—Nun lo podó fer, Barnes. Salín de Nova York hai dous anos pr'atrapallo, y neso dous anos tuven neste país del demo, aquí en Yunnan, seguíndoye el rastro. Prometí á mía xente qu'iba quedar aquí hasta que lo atopara, y mantuven a palabra. ¡Hala, ho! —amecéu, con un faraguyo d'enfado—. Despóis de todo el que teño pasao, nun esperará qu'agora lo bote todo a perder... ¡agora qu'el trabayo xa ta cuase acabao!

El home, mouro, vestido como un nativo, puxo úa sonrisa meleira y zalameirúa, y quitóuyel importancia ás palabras del sou captor con un ademán da maó.

—Nun ye tou ofrecendo un par de miles de dólares; ofrézoye úa parte d'úa das minas de pedras preciosas máis ricas d'Asia, úa mina qu'os birmanos esconderon condo os británicos invadiron el país. Veña comigo hasta alló y hei a amostrar ye us rubís, zafiros y topacios que lo han a deixar cua boca aberta. El único que ye pido é que m'acompañe hasta alló y yes bote un oco. Se nun ye gustaran, sempre taría a tempo de llevarme a Nova York.

Hagedorn negóu aspacio cua cabeza.

—Vai volver a Nova York comigo. Pode qu'a caza d'homes nun sía el miyor oficio del mundo, pro é el único oficio que teño, y esa mina de pedras preciosas súame a xugada. Nun ye boto a culpa por nun querer volver, pro hei a llevarlo igual.

Barnes mirou pral detective todo anoxao.
—¡Vaya fato! ¡Imos a perder miles de dólares!
¡Déldamo a usté!

Cuspíu con rabia por derriba da borda —como un nativo— y volvéu sentarse nel sou recanto del alfombra de bambú.

Hagedorn miraba máis alló da vela, río abaxo —el empezo del camín a Nova York—, por unde úa brisa miasmática empuxaba el barco de quince metros a úa velocidá pasmosa. Cuatro días máis y xa tarían a bordo d'un vapor a Rangún; entoncias outro vapor a Calcuta y, al cabo, outro a Nova York... Á casa, ¡despóis de dous anos!

Dous anos por un país desconocido, perseguindo el qu'hasta el mesmo día da captura nun fora máis qu'úa solombra. Al través de Yunnan y Birmania, peñando a selva con minuciosidá microscópica —xugando ás escondidas polos ríos, os montes y as xunglas—, ás veces un ano, ás veces dous meses y despóis seis detrás da súa presa. ¡Y agora prá casa trunfando! Betty tería quince anos... toda úa señorita.

Barnes movéuse pra delante y volvéu alló pregando con voz llastimeira.

—Hala, Hagedorn, ¿por qué nun ye fai caso á razón? Nun ten xeito que pérdamos todos esos cuartos por daqué que pasou hai máis de dous anos. Aparte, eu nun quería matar a aquel paisano. Xa sabe cómo son as cousas; eu era novo y atollarado, pro non ruin, y xuntéime con xentuaya. ¡Home, se aquel atraco vinlo como úa trasnada sin máis condo lo planiamos! Y entoncias aquel hombre berróu y supoño qu'eu taba alteriao, y cuase sin precatarme disparéi. Nun quería matallo y a él nun ye vai valer de miga qu'usté me lleve a Nova York y me colguen por aquilo. A compañía de tresportes nun perdéu nin un perrón. ¿Por qué me persiguen d'este xeito? Eu fixen todo el que puiden pra esqueicello.

El detective contestóu con ben calma, pro toda a benevolencia que tuvera desaparecéu da súa voz.

—Xa sei... ¡a historia de sempre! Y as mancaduras da muyer birmana cua que taba vivindo de seguro

que tamén demostran que nun é ruin, ¿eh, ho? Xa ta ben, Barnes; afróntelo d'úa vez: eu y usté volvemos a Nova York.

—¡Non xa! —Barnes púxose de pé axeito y deu un paso atrás—. ¡Quero miyor...!

Hagedorn desenfundóu el automática úa fracción de segundo demasiao tarde. El sou prisioneiro saltara pola borda y nadaba contra a ourella. El detective piyóu el rifle que deixara detrás d'él y botóuse derriba da baranda. A cabeza de Barnes asomóu un bocadín y despóis volvéu calarse, xurdindo outra vez us cinco metros máis cerca da veira. Río enriba, el home del barco víu os focicos engurriaos de tres *muggars* que se movían prá ourella núa tanxente qu'iba interceptar al fuxido. Fincóuse na baranda de teca y evaluóu a situación. «Pinta que, despóis de todo, nun lo vou llevar con vida..., pro el meu trabayo xa lo fixen. Podo disparar condo volva xurdir, ou deixallo en paz y qu'os cocodrilos acaben con él». Entoncias, el súbito pro lóxico instinto de solidaridá col nembro da súa propia especie contra enemigos d'outra borróu cualquera consideración y botóu el rifle al ombro pra mandar úa descarga de tiros contra os *muggars*.

Barnes engaramóuse na veira del río, axenegóu úa mao por encima da cabeza sin mirar pr'atrás y metéuse na selva.

Hagedorn volvéuse pral propietario barbudo del *jahaz*, que se puxera cabo d'él, y falóuyel nel sou birmano achapurriao.

—Lléveme prá veira, *yu nga apau mye*, y aguarde, *thaing*, hasta que lo traiga: *thu yughe*.

El capitán secudíu a barba moura en señal de protesta.

—¡*Mahok!* Nesta selva, *sahib*, un home é como úa foya. Veinte homes poderían mandar úa semana ou un mes pra encontrallo. Quizabes tardaran cinco anos. Nun podo aguardar tanto.

Aquel home fraque y branco mordéu el llabio inferior y miróu río embaxo... el camín a Nova York.

—Dous anos... —dixo pra entre si, en voz alta—.

Llevóume dous anos encontrallo condo él nun sabía que lo taba buscando. Agora..., ¡demonstre!, quizabes tarde cinco. Pergúntome eu qué haberá de verdá neso das xoyas...

Volvéuse pral barqueiro.

—Vou ir tres d'él. Usté aguarde aquí tres horas.


—Señalóu pral célo—. Hasta el mediodía, *ne apomha*. Se pra entoncias nun volvín, marche: *malotu thaing, thwa*. ¿*Thi?*

El capitán asentíu.

—¡*Hokhe!*

Cinco horas aguardóu el capitán nel *jahaz* fondiao y, despoís, condo a solombra dos árboles da veira oeste empezóu a erguerse por derriba del augua, mandóu qu'isaran a vela y a embarcación de teca desaparecéu detrás d'úa volta del río.





FREDO DE CARBEXE (CARBEXE, EL FRANCO, 1967) FOI DOS PRIMEIROS EN PUBLICAR POESÍA EN GALLEGO-ASTURIANO. POEMARIOS COMO *Mourén dos fondaes* (1996), *Soños de pellegrín* (2006) OU *Fruxes da nebra* (2007) MARCAN A SÚA TRAYECTORIA LLITERARIA EN VERSO, ANQUE NUN DEIXÓU DE TRABAYAR A PROSA, TANTO DE FICCIÓN COMO ENSAYÍSTICA. NEL 2017 REEDITÓU EL SOU PRIMEIRO POEMARIO ACOMPAÑAO D'ÚA VERSIÓN EN CASTEYANO, SEGUINDO EL AVEZO DOS OUTROS LLIBROS QUE SACARA DESPÓIS. TAMÉN BILLINGÜE FOI EL SOU ENSAYO *Parzamique en Brañavara / Conversación en Brañavara* (2014), MODALIDÁ QUE VÉN CULTIVANDO ÚLTIMAMENTE, NÚA FRONTEIRA RALA ENTRE XÉNEROS COMO DEMOSTRA NEL SOU «TÉRMINOS LINGÜÍSTICOS», INCLUÍDO EN *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016). CON ESTA COLABORACIÓN PRA *Trabatel* VOLVE ALLÓ POR ESA VÍA.

Condo os medios de comunicación empezaron a falar del proyecto *Terrificación de Marte*, de sutaque, quixen saber máis d'él. A terrificación consistía en cambiar as condicións ambientais del planeta vecín, el planeta roxo y ferye el aire respirable, al empezo producindo gases carbónicos con máquinas, llougo fendo augua líquida, despóis levando as primeiras herbías; a falta d'un campo magnético que protexese da radiación solar amañaríase con cables que deran varias voltas al redor del planeta; máis pra delante, llevaríanse os primeiros animalíos avezaos ás condicións d'ese clima primixenio; col proyecto tentábase de llograr un novo ecosistema al xeito prá vida humana. El alcance d'este soño pintaba pañar úa escala planetaria, núa réplica da vida terrestre nel primeiro escenario ayén á Terra, a douscentos veinticinco millóis de quilómetros de distancia, úa docía de minutos á velocidá da lluz.

Detrás quedaba a Terra, cua súa Historia, conquista d'imperios y creación de colonias, viaxes pol mar prá súa primeira circunvalación, a chegada del home hasta os polos, a subida ás corumeiras dos Himalayas, el primeiro viaxe á llúa... Botamos mao, agora, da imaxinación y miramos pral futuro, nel qu'a Terra xa foi cambiando y pinta dalgo esmorecida: os océanos cuase sin vida, namáis quedan úas poucas prantas que botan mao d'úa atmósfera agora máis rala. Podéramos tar ocupando, nesta estancia imaxinaria, a masa rocosa de Marte, el llugar máis al xeito nun espacio-tempo xigantesco, distanciándonos un pouco namáis del Sol na busca da esperada trascendencia humana. Se reparamos na edá das estrelas, as máis veyas rondan os trece mil millóis d'anos; cinco mil millóis ten el noso Sol, que xa queimóu el metá da súa materia; Marte quédanos a un bocadín de tempo cósmico y hasta lo vemos máis acoyedor dende que ye descubríramos el augua conxelada dos polos.


El planeta vecín témoslo afeito núa segunda casa y el cosmos xa se nos volvéu máis familiar. As antigüas fruxes orgánicas dos cometas resultaran ser as mesmas qu'as da vida terrestre y qu'as da vida marciana, xurdida hai pouco; os paisaxes roxos y secos dos antigos

mares y das montueiras d'arena, atotadas cuas tormentas, asomeñan a os océanos y a os desertos terrestres. Muitín tempo pr'alló, núa escala difícil d'imaxinar pra os humanos, d'us poucos miles de millóis d'anos, el horizonte da Terra pinta tar cadaldía máis brillante y esmoledor: a temperatura aumentóu pouquín a pouco pro de seguido, milenio tras milenio, calecendo dafeito el planeta. El pronóstico dos espertos dicíanos, fai tempo, que s'evaporaría máis augua cadaldía y qu'a vexetación, estación a estación, iría secando; ademáis, al tar máis achegada al Sol, deixaría de ter os cambios de color según as estacións, aumentaría a evaporación y a salmoira dos mares. El hinchazón del Sol xa abenzúa el sou estoupido, el remate da súa vida como estrella.

Presíntese el acabo da vida nestos planetas y vamos fer un viaxe máis pr'alló del Sistema Solar, como

el qu'empezaran as naves Voyager nos anos setenta del siglo XX. Saliran, daquela, con gráficos caltridos en discos d'ouro —metal ayén al paso del tempo—, grabacións de música, saludos en muitías llinguas y datos da Terra. Se viaxásemos núa d'ellas teríamos agora ben pasada a fronteira á que chega el vento solar y asomaríamonos al xigantesco espacio interestelar, trayecto descomunal entre as estrelas. Úa mirada pra detrás deixaríanos ver el noso Sol pequeno, na súa fase de medría, volvéndose cada milenio dalgo máis grande. Pecho os oyoos pra imaxinar ese futuro nel qu'as naves espaciales salen cuase a diario, cadaldía con máis pasaxeiros y a máis velocidá, camín das estrelas. El Sistema Solar brilla máis que nunca y a súa estrella xa pañóu úa órbita que s'achega, cada vez máis, á parexa de planetas humanos.





MARTÍN DE VILLAR: *Había úa vez... 101 contos del conceyo del Franco*

TRABE, 2018.

Úa recopilación de lliteratura oral pra disfrutar

El conto oral, ben sía inda popular ou xa tradicional, ten un proceso peculiar de comunicación, posto que na súa tresmisión tán implicados elementos propios da narración y elementos propios da representación. Condo deixa el rexistro oral pra tresformarse en escritura, condo se pon nel papel, el conto que vivíu tantos anos volando entre a xente que lo cuntóu, lo escuitóu, lo repetíu y lo tresformóu, ese conto xa nun corre peligro d'esqueicerse —poderemos llello y rrellello, repetillo úa y mil veces sin tar suxeto á memoria del narrador—; pro, inevitablemente, a parte da representación pérdese: el tono, berro ou susurro, a voz qu'arromenda el vento, el ademán que provoca a risa ou el susto, esto nun pode pasar al papel.

Así y todo, as recopilacióis de lliteratura oral son sempre mui necesarias, xa que gracias a ellas, gracias á recoyida por escrito d'úa das versiones o das variantes que d'un mesmo relato poderan existir, cúmprense varios y importantes obxetivos. Podemos conocer meyor a realidá da lliteratura oral, qu'hoi más que nunca vei camín de desaparecer, pos é innegable qu'os cambios sociales y as novas tecnoloxías nun favorecen a pervivencia d'estas manifestacióis da nosa cultura tradicional; d'este xeito, recupéranse os contos que forman parte del noso acervo cultural. Tamén temos textos novos cos qu'os estudiosos poden fer trabayos d'investigación tanto lliterarios como llingüísticos. Finalmente, y non menos importante, temos a posibilidá de seguir disfrutando d'us textos que naceron pra entreter, divertir y, en dalgús casos, ensinar, cumprindo a máxima horaciana del *docere/delectare*.

Estos obxetivos cúmprense na valiosa recopilación de Martín de Villar *Había úa vez... 101 contos del conceyo del Franco*, un feixe d'historias coas que disfrutarán non solo os nenos, seguro qu'inda máis os grandes, recordando ese momento máis ou menos llonge condo fomos precisamente eso: nenos. Historias novas ou conocidas pra os lectores asómanse a estas páxinas que van fer as delicias de todos, de quen las llea y de quen las escuite cuntadas por outro, como foron nun principio nun círculo que vén repetíndose dende hai tanto tempo. Son contos que forman parte d'úa comunidá que trespasa fronteiras territoriales y llingüísticas, nun son úa manifestación cultural islada del sou entorno; al contrario, participan dos mesmos tipos y características dos relatos tradicionais del ámbito hispánico en particular y románico en xeneral, sin esqueicer as relacións con contos xermánicos y orientales. A especificidá encontrámosla, por úa parte, na variedá llingüística del gallego-asturiano; y, por outra, na concreción xeográfica: as cousas dizse que pasaron, ta claro, hai muitísimos anos, pro foron en Miudes, en Arancedo, en Llebredo, en Andía, en Porcía, en Villar... nun proceso d'actualización qu'achega as historias al auditorio y busca el sou interés, sin qu'esto cambie a estrutura del relato.

Nun hai nel obra úa ordenación temática ou tipolóxica: as historias chegan úa tres d'outra, y vemos cómo el mesmo motivo pode repetirse en varios contos; así, temos úa encantada en San Xuyán y úa encantadora en Miudes, coas qu'hai que ter muito cuidado na noite de San Xuan; ou encontramos al trasno nel palacio de Villar, que volve fer das súas en «El trasno y el feixe d'herba». A mayoría dos contos tán en prosa, pro tamén hai dalgús exemplos en verso: cancioncías como «Chirlo Mirlo» ou «Pepe, reepe»; xogos con rima, como «Amigo das nenas», «Pedro

Formento»; ou contos como «El cascabel del gato», «El sabio mísero» o a divertida «A chispera d'Antón».

Predomina nesta recopilación, como vemos tamén na mayoría d'este tipo d'obras dos últimos anos, os contos cómicos, que non solo mantéin a súa vitalidá senón qu'atráin outras formas de relatos que tradicionalmente poderan nun ser cómicos; tal é el caso dos contos maraviyosos, pra os que fai falta un narrador cualificado y qu'además foron perdendo a súa función; por tanto, poden quedar reducidos al anécdota del trunfo del astucia, como ocurre en «A colobra de sete cabezas». Tampouco nun atopamos versións de contos *rubios* ou *colorados*, quer dicirse, eróticos, ben sía pola intención del recopilador de destinar estos contos a os nenos, ben sía polas peculiaridades de tresmisión d'este tipo de narracións.

Son muitos os exemplos unde estos contos han a sacarye al lector a risa: «A farolada de Barandón», «Se eu fora tu»... Imos a rimos tamén coas burllas á raposa ou al demo; imos a atopar seres mitolóxicos como a sirena, el trasno y Sinforoso, ou incluso aprenderemos lleccións de vida importantes como en «El tesouro da finca» ou «Dúas mantas pal bolo».

Nun queda senón insistir nel llabor meritorio de Martín de Villar pol sou trabayo de campo, selección y trescripción d'estos 101 contos, núa edición mui manexable y con ilustracións suxerentes de demos, trasnos, sirenas ou colobras, feitas por Alberto Álvarez Peña, responsable tamén del prólogo. Arromendando al autor nel sou personal «Introduconto» con qu'empieza el obra —que quen sabe se col tempo pasará tamén á tradición oral—, podemos dicir: «Y colorín colorado... este llibro de contos xa ta llisto pra disfrutallo...».

ADRIANA MARTÍNEZ SUÁREZ



BELÉN RICO PRIETO: *Algún son... tres*
EDICIONES PATA NEGRA, 2017.

Volta al orixe

Belén Rico continúa a súa andadura poética con este novo poemario en galego-asturiano titulado *Algún son... tres*, reflexo do seu mundo interior, nel que s'achega con honestidá a recordos e sentimentos ben fondos e onde a natureza —intensa e poderosa— ta presente en cada páxina. Este é o terceiro libro da veigueña, que s'estrenara no mundo da literatura infantil con *Domingo y os animais* (Nobel, 2009) e despois na poesía con *Algunhas maos* (Trabe, 2012).

Algún son... tres ábrese con un prólogo en castelano de Javier G. Granda e finaliza con un glosario de palabras e expresións, traducidas á lingua de Cervantes, que pinta ser un intento de que toda a xente —non solo quen fala galego-asturiano— s'achegue ao poemario.

Once poemas compoñen este libro, dividido en catro partes, buscando un equilibrio entre a brevedá e a intensidá poética e plástica. D'este xeito, a voz sentida da poesía vén a amecerse ás ilustracións do pintor e escultor asturiano José María Legazpi, que nos deixa sete imaxes de trazo e color rotundos e chías de forza, coronadas pola figura feminina que anaga este universo poético. Trátase d'úa edición en rústica máis accesible para o público, porque d'este mesmo libro fexose primeiro unha edición para bibliófilos con caixa e grabaos orixinais, formato nel que a editorial Pata Negra é especialista.

A poeta veigueña xoga co significado das palabras e coa súa musicalidá: «Son unha... tres», «dúas son... tres», «terceira son... tres», «volvo a ser unha»... É un xeito de manexar o linguaxe que recorda un pouco ás

couselías ou ás cancións recitadas y con úa estrutura que cuase que vai da multiplicidá al unidá, del diverso al esencia del alma.

El primeiro dos poemas titúlase «Abril». Nun é casualidá qu'emepece na primavera, como úa forma de nacemento ou renacemento. El léxico escoyido ten que ver col campo semántico d'esta estación del ano: *flor, fruto, cuco, andulía, malvís, pegas, luz...* Y el poema que pecha el libro é «Señardá», úa volta al infancia, al orixe, al tempo dos xogos, al paisaxe qu'acompañou á poeta de nena...: «Houbo un tempo feliz / que volve a min, Señardá».

A señardá é un elemento de muito peso nel libro. Trátase d'úa oyuada al pasao, a un paraíso perdido que Belén Rico parece botar en falta. Este sentimento tan fondo queda claramente marcao neste poema, nel qu'a figura retórica da personificación cobra un sentido relevante. Però tamén pode verse, con máis ou menos intensidá, en cuase todas as demáis composicións.

Por outro lao, a natureza, en todas as súas formas, enche as páxinas d'este poemario: ríos, mares, ribeiras, luz, xeladas, árboles, páxaros... salen desataos de cada verso. Anque, al lao d'esa natureza bravía, Belén Rico deixa tamén sito prá reivindicación da lingua, como se ve nestos versos del poema «Verde limón»: «...cómo nun vai resistir / el temporal, / -verde xunco- / a nosa fala». Ou nel poema «Soledá barroca»: «...E rexurden conmigo / como lume, / como sol, / na palabra / da fala mía: / AVE FÉNIX».

Como conclusión, pode dicirse qu'*Algún son... tres* é un poemario nel qu'os versos —combinaos cuas ilustracións de Legazpi— convidannos a fer un viaxe polos carreiros dos sentimentos, da feminidá, da lingua y del infancia y nos qu'a verdá, a sinceridá y a señardá son imaxe del universo intanxible y particular d'esta veigueña.

MARISA LÓPEZ DIZ



VV. AA.: CÚNTAME UN CONTO
GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2017.

Dúas llinguas vivas, decioito historias de vida

[...] pra nun esqueicer a llingua dos tous mayores, a llingua cua qu'empezache a conocer el mundo, a llingua na qu'aprendiche a falar y na qu'esquitache as primeiras cántigas condo tabas nel berzo.

AURORA BERMÚDEZ NAVA,
A coleccionista de palabras

Pa festexar el Día del Llibro Asturiano (4 de mayo del 2018), dentro da Semana das Lletras Asturianas, editóuse *Cúntame un conto*, úa obra na que se xuntan un peteirín d'autoras y autores da lliteratura asturiana, ofrecéndonos úa colección de contos pa os nenos y nenas y pá nosa moceda, dándoye outra bocanada d'aire fresco á necesitada lliteratura infantil y xuvenil. Xunto a María José Fraga, Rafael Cascudo Noceda, Aurora Bermúdez Nava, Belén Rico Prieto y Marisa López Diz, nomes ben conocíos polos llectores de gallego-asturiano, atopamos traduccióis á nosa llingua d'obras escritas en asturiano por autores y autoras premiaos neste xénero.

Col mesmo formato, publicóuse tamén *Cúntame un cuentu*, unde se recoyen os mesmos contos escritos en asturiano (cua correspondente traducción dos escritos na nosa llingua), dando d'este xeito búa mostra da convivencia d'escritores nas dúas llinguas y a riqueza qu'esto supón. Pa completar os textos, cuenta cuas ilustracióis d'outros tantos autores renomaos na materia, que ye dan un aspecto ben atractivo al obra y axudan al pequeno llector a viaxar a cada rincón y conocer con detalle cada personaxe.



Asina, dende mayo del 2018 cuntamos con úa edición que ben pode tar nas mesías de noites, nos pupitres das escolas ou nas estanteirías de todas as bibliotecas. Úa edición que vala pa dar valor á nosa llingua, más alló da zona occidental. Que vala pa que nun futuro os nenos y nenas nun teñan que fer como Milio Laureano fixo na súa vida: «Él solo aprendeu a ller y a escribir. Él solo aprendeu a fer contas. Él solo estudiou a historia del mundo y da xente, qu'era el que máis ye gustaba. Y así foi como meu bolo se fexo un héroe». Un *superbolo* que Paquita Suárez Coalla nos presenta nel sou conto «A historia de bolo», orixinalmente escrita en asturiano.

En *Cúntame un conto* xúntanse decioito contíos repartíos entre obras infantiles y xuveniles. Decioito historias de fácil llectura, unde podes descubrirte llendo úa conversación entre Melchor, Gaspar y Baltasar nun palacio d'Oriente, tar volando entre nubes y el arco da veyá, ou visitando un *Museo Arqueolóxico Terrestre*. Decioito aventuras que nos ofrecen un mui bon xeito d'achegar a nosa llingua á mocedad. Decioito relatos unde s'esconden moralexas y enseñanzas

que, xugando cúa imaxinación dos nenos y nenas, fain chegar mensaxes cargaos de moral. Decioito historias cuas que podes viaxar al Hospital de *Muito Xefa*, unde da mao d'Iris Díaz Tranco nacen os «Queridos superhéroes», nenos y nenas valentes que tein poderes extraordinarios como el da velocidá (que contén un arnés) ou el de ller os pensamentos das personas que los arrodián (gracias a un casco especial). Tamén te podes atopar mirando pas nubes en busca da estrella que Lena amarróu «a un globo d'esos que venden nas festas y condo se desprenden da mao que los agarra suben y suben hasta perderse nel cielo», nel conto «Lena y a estrella», de María José Fraga.

Decioito relatos que ben podían completase con dalgún más que tuvese como fin chegar a os más pequenos y pequenas, pa qu'esos primeiros llectores podan ter tamén os sous primeiros encontros cúa nosa llingua, y pa que padres y madres, ou bolos y bolas, podan sentar al sou pequeno nel collo y cuntarye historias na súa llingua.

LORENZO MÉNDEZ AVELLO





AURORA BERMÚDEZ NAVA: *Operación Llóntriga*
CANEL EDITORES, 2017.

Irene vuelve con más aventuras

En decembre del 2017 Aurora Bermúdez (A Caridá, 1965) presentóunos *Operación Llóntriga* (Canel Editores), a segunda aventura d'Irene, úa rapacía que conocémos na novela infantil *Un regalo máxico pra Irene* (n.º 19 da colección Os Llibros d'Entrambasaguas, ed. Secretaría Llingüística del Navia-Eo, Academia de la Llingua Asturiana, 2011). Nun son estas as primeiras incursiós na lliteratura infantil del autora, que xa publicara nel 2009 *Como el can y el gato*, un conto basado nas esperiencias dos nenos que tía por cerca. Tamén escribe lliteratura pr'adultos, tanto poesía como prosa: as últimas publicaciós en verso del autora hasta el momento aparecieron publicadas en *Trabatel* (n.º 8, 2018); en prosa, el conto pra nenos «A coleccionista de palabras», ilustrado por Goyo Rodríguez, recoyido nel volume conxunto *Cúntame un conto*, editado pol Gobierno del Principao d'Asturias (2018) con motivo da celebración del XXIX Día das Lletas Asturianas; tamén «Señardá», microrrelato pr'adultos, recoyido en *Escritores asturianos*, editado pol Gobierno del Principao d'Asturias (2017) pral XXVIII Día das Lletas Asturianas.

Operación Llóntriga, como a primeira que protagonizara Irene y según a propia autora, ta dirixida al público infantil dos primeiros llectores ou *escuitadores* del que outros yes llen y é fruto del insistencia dos llectores da primeira novela por conocer más aventuras d'Irene. Foi úa petición qu'el autora recibíu dos interesados nas actividades d'animación á llectura que desarrollóu en muitas escolas y bibliotecas da zona.

Nella atopamos a mesma nena, que volve al aldea dos bolos contando encontrar as amizades tan especiais que llograra fer nel brao anterior, despós de descubrir que nel aldea pode ún divertirse de moitos xeitos distintos, pero leva a sorpresa pouco búa de qu'as llóntrigas que conocera nun parecen por nayundes. Como inda ten el regalo máxico que recibira gracias ás súas búas artes cos seres vivos qu'iba encontrando nas exploracións pollos alrededores da casa dos bolos, busca noutros animalíos que viven al pé del Prao Veyo axuda pra saber únde foron y qué yes pasóu.

El hestoria que se cunta lleva al llector pollos paisaxes y situacións que se dan na zona unde se fala el gallego-asturiano, acercando a llingua y os nomes da flora y fauna del llugar a os novos falantes, acompañados dos dibuxos del ilustradora Gloria González, á qu'a propia autora xa escoyera pra colaborar nel llibro primeiro das aventuras d'Irene.

El obra ta feita con un diálogo directo entre el hestoria y os dibuxos que van con ella, completándose

úa cos outros pr'axudar á comprensión dos primeiros llectores y dar al llibro un aire vite que convida a llello tamén a llectores tanto máis veyos como máis novos, inda que namáis sía pra mirar as pinturas. Sendo como é un conto dirixido a llectores d'oito anos ou máis, os elementos máxicos fain un bon xuntoiro pra convidar a pequenos y grandes a ver con outros oyes el que pasa nel medio natural nel qu'a mayoría dos falantes vive ou ten mui cerca y, al tempo, recoyer os nomes que de sempre yes deron na zona a os bichos y plantas que nél viven. A protagonista, nena de ciudá, llévanos a redescubrir el noso entorno y el que ye femos desde el inocencia del que lo ve a primeira vez.

Se na primeira parte del historia a nena perguntaba a todo el qu'encontraba pol que pra ella eran novidades, nesta segunda aventura sigue descubriendo seres y situacións novas y, en moitos casos, tamén pral llector, que vei con ella nel aventura de buscar as súas amigas desaparecidas.

EMMA MÉNDEZ



ÁNGELES RODRÍGUEZ MONTAÑÉS:
Roger, el reno que chegou de llonxe
TRABE, 2018.

Un reno nos montes naviegos

Hasta agora, la lliteratura en gallego-asturiano pensada pa los más pequenos (tou falando tanto de contos escritos como de tradición oral), tía la zuna de ter us protagonistas ben reconocibles polos llectores: nenos ou nenas que viven nos poblos y villas del occidente astur, animales autóctonos (raposas, llobos, pitas, cais...) ou personaxes mitolóxicos como trasnos, bruxas, encantas...

Por eso, lo primeiro que se ye vén a ún a la cabeza, al botarye un oyo a *Roger, el reno que chegou de llonxe*, é pensar: ¿qué se ye perdéu a un reno nos montes naviegos?

María Ángeles Rodríguez Montañés —que firma el llibro namás como Ángeles Rodríguez—, natural d'Andés, respóndenos axina cola súa primeira incursión neste xénero lliterario.

Si, Roger é un reno, pero nun é un reno al xeito: deixóu los blancos montes austriacos polos verdes naviegos fendo amistá colos animales del llugar, é futbolero del Sporting de Xixón y del Athletic de Bilbao, bon llector y pouco amigo del llabor qu'avezan a fer los de la súa especie nas festas de navidá.

La historia de *Roger, el reno que chegou de llonxe* conta con us dibuxos ben guapos del ilustrador Luis Ramos. D'entre todos ellos, é merecido destacar, pola calidá del detalle al que chegan, los árboles, prantas y arbustos qu'el protagonista se vei topando nos sous paseos. Ben sei que los llectores más llambióis van pasar ganas d'estirar la mao, pañallos y zampallos.



Nel que ten que ver cola llingua, tamos falando del primeiro libro editao pa nenos y nenas escrito por úa navega, polo que la pequenada d'esta veira del río pode identificarse na súa fala materna en determinaos usos: los artículos *la, los, las*; distintas formas y conxugacióis del verbo *puer*: *puese, puéndolo...*, asina como na conxunción *ya*, típica en dalgúas partes del valle.

Xa conocemos a Roger. Agora toca pedirye novas aventuras a la escritora, pos tamos seguros de qu'este reno nun ten pinta de quedarse na casa acougao a vellas vir. Nun teño duda ningúa de que, de ser asina, vei haber un sitín pa Roger nas estanteirías xunto a Xelín, Xulián, Domingo, Irene, Binoca, as Xarolas... y outros moitos colos que tan bus ratos pasamos. Lo dito: ¡queremos más!

ALBERTO CASTRO GIÓN







EXEMPLAR DE BALDRE



GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS
CONSEYEIRÍA D'EDUCACIÓN Y CULTURA